O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais atópanse os de apoiar ós procesos de integración social das persoas atendidas na Rede de Tratamento de Condutas Adictivas, mediante a promoción de programas dirixidos a mellorar as habilidades sociais e persoais que favorezan a autonomía persoal das persoas con dificultades de integración social polos seus problemas de adicción, desenvolver medidas de acción positiva fronte á exclusión social e/ou laboral das persoas con problemas de adicción en situación de vulnerabilidade e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas Administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos.

Máis concretamente, establécense liñas estratéxicas para a mellora da cobertura asistencial dos trastornos adictivos e o apoio ós procesos de incorporación social das persoas con trastornos adictivos, mediante a colaboración no funcionamento de recursos residenciais de apoio á incorporación social para drogodependentes con necesidades sociosanitarias.

VII.- Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo desde o ano 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos da prevención, asistencia e incorporación social.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar respos-

ta ás necesidades asistenciais da cidade, mellorar a atención das urxencias sociosanitarias e cobertura de necesidades primarias de alimentación, hixiene e vivenda e potenciar o mantemento e a creación de novos dispositivos para cubrir as necesidades básicas daquela poboación carente de vivenda ou en situación de risco de exclusión.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA, como é o caso de ALBORADA.

VIII.- Que o Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.03 ("Convenio coa Asociación Alborada"), prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 10.000€ a favor da Asociación ALBORADA. Trátase, polo tanto, dunha subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

IX.- Que, de acordo co disposto nos Arts. 28.1 da L.38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

O presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da "Asociación cidadana de lucha contra la droga ALBORADA" para a realización do «PROGRAMA DE INCORPORACIÓN SOCIAL EN AGRICULTURA ECOLÓXICA "VERDEAR" – ANO 2017», co que se pretende mellorar a calidade de vida e a incorporación social dous usuarios da Asociación, promovendo o coñecemento das técnicas de traballo da agricultura ecolóxica.

SEGUNDA.- A Asociación ALBORADA comprométese a colaborar activamente na execución dese Programa e, concretamente a:

- Realizar a contratación de persoal técnico para a execución do Programa, de acordo coa Memoria presentada.
- Asumir a súa xestión xeral.
- Contribuir ó custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo o previsto naquela Memoria.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.

En xeral, a cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da L.9/2007.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo comprométese, a través da súa Concellería delegada da Área de Política Social, a conceder directamente á Asociación ALBORADA unha subvención para o exercicio de 2017 por importe de 10.000€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento do programa 2310.480.00.03 (“Convenio coa Asociación Alborada”).

CUARTA.- O programa levarase a cabo durante o ano 2017 ata esgotar o importe total da subvención. Os pagamentos correspondentes efectuaranse do seguinte xeito:

- Un 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.*
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 15 de novembro de 2017, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e Memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SEXTA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades, deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada, previa conformidade da Concellería de Política Social, e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

OITAVA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes de ALBORADA e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

NOVENA.- ALBORADA comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMA.- ALBORADA poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A beneficiaria deberá xustificar antes do 15 de novembro de 2017 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*
- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
 1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
 2. *Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*
 3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
 4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*
- *Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA deste convenio, que será o 2017.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas

polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicítase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

DÉCIMO SEGUNDA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO SÉTIMA.- ALBORADA queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o

seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

DÉCIMO OITAVA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexeráse pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

4(364).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE “VIGO EDUCA”. EXPTE. 18628/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 23/03/17, e o informe de fiscalización do 11/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 27/03/17, asinado polo técnico do Servizo de Educación, a xefa e a concelleira-delegada, ambas de dito Servizo e o concelleiro delegado de Facenda, que di o seguinte:

Mediante Resolución de inicio de expediente de 24 de febreiro de 2017, a Concelleira de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade “Vigo Educa”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira de Educación de 24/02/17 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.*
- Informe xustificativo da necesidade da contratación do técnico de Educación de data 24/02/2017.*
- Memoria xustificativa de data 24/02/17, redactada polo técnico de Educación.*
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 24/02/17 redactado polo técnico de Educación.*
- Informe xustificativo da necesidade de data 06/03/17, modificado para engadir a 2ª quincena de setembro no periodo de prestación do servizo e polo tanto correxir a*

estimación de data de inicio do contrato administrativo, redactado polo técnico de Educación.

- Memoria xustificativa de data 06/03/17, redactada polo técnico de Educación, modificada para engadir a 2ª quincena de setembro no periodo de prestación do servizo e polo tanto correxir o desglose dos exercizos económicos e a estimación da data de inicio do contrato administrativo.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 06/03/17, redactado polo técnico de Educación, modificado para engadir a 2ª quincena de setembro no periodo de prestación do servizo.
- Informe de data 09/03/17 da técnica de administración xeral do servizo de Contratación, sobre a conformidade da revisión da documentación incluída no expediente e esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PACP) de data 09/03/17 redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.
- Dilixencia de data 10/03/17 do técnico de Educación, solicitando informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello.
- Informe da titular da Asesoría xurídica de 23/03/17.
- Informe-proposta de data 24/03/17 de aprobación do expediente de contratación do Servizo de Educación.

- As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal "VIGO EDUCA", que o Concello oferta para cada curso lectivo escolar, e que consiste, principalmente, nas viaxes de ida e volta para a realización de distintos itinerarios e visitas didácticas de escolares dos centros de ensino radicados no cidade de Vigo e adheridos ó programa.

Duración: Tres (3) anos, máis unha posible prórroga por un periodo dunha duración máxima de 9 meses e medio, e en todo caso ata o 30 de xuño do ano 2021.

Prezo: estímase un prezo anual do contrato de 46.600,00.-€, máis o 10% de IVE, que ascende á cantidade de 4.660,00.-€, o que fai un total anual de 51.260,00.-€

Aplicación orzamentaria: 3230.227.99.11 do Programa Educativo "Vigo por Dentro"

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 3º do R.D. Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro (TRLCSF). A resolución segundo o artigo 110 1º do TRLCSF deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobado o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" por procedemento aberto.

2º.- Aprobado o Prego de prescricións técnicas de 06/03/2017 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 09/03/2017 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" por procedemento aberto.

3º.- Aprobado o gasto por importe de 153.780,00 euros ivo incluído (18.043,52.-€ na anualidade de 2017, 51.260,00.-€ na anualidade de 2018, 51.260.-€ na anualidade de 2019 e 33.216,48.-€ na anualidade de 2020) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "VIGO EDUCA" por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3230.227.99.11 do Programa Educativo "Vigo por Dentro".

4º.- Acordado a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(365).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE MAYORISTAS, IMPORTADORES, EXPORTADORES Y TRANSFORMADORES DE PRODUCTOS DE LA PESCA Y ACUICULTURA (CONXEMAR)" NO MARCO DO FOMENTO MUNICIPAL DE EMPREGO PARA O ANO 2017. EXPTE. 13856/77.

Visto o informe xurídico de data 14/03/17, e o informe de fiscalización do 12/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro de Emprego e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e a acuicultura, mediante a realización de ferias internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa agrupación sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose de xeito continuado nos últimos anos e moi especialmente nos anos 2013, 2014, 2015 e 2016, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles

permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no seu artigo 3.- "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

..."

O concello de Vigo como instrumentador de políticas de emprego, está iniciando unha nova iniciativa de fomento do Emprego de cara a incidir directamente na mellora da empregabilidade da cidadanía viguesa.

Esta nova iniciativa de fomento do Emprego xorde para dar resposta á problemática que ten esta cidade en relación co mercado laboral, motivada na súa maior parte pola crise económica que estamos a vivir.

Dentro desta iniciativa de fomento do Emprego temos en conta a situación do sector da alimentación e, dentro deste, o relacionado co comercio dos produtos derivados da pesca e da acuicultura e a potenciación do emprego no sector empresarial de produtos conxelados, fomentando o coñecemento internacional dos mesmos e a súa implicación na creación de emprego, xa que é unha das que ofertan unha maior posibilidade de empregabilidade, de tal xeito que lles aporte unha mellor posición no mundo laboral; tendo en conta que a realización desta feira internacional enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, como á relacionada coas feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante, puidendo promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños e veciñas e dentro destes a prestación dos servizos de xeito máis eficaz o que redundará nunha mellor promoción e reinserción social.

A "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)", conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 7 de marzo de 2017 co nº de documento 170033837, solicita a colaboración do Concello de Vigo para a subscripción dun convenio que a través do proxecto de apoio á "Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados CONXEMAR 2017" e ao " Congreso Mundial sobre Cambio Climático e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio", instrumentará a realización da feira e o congreso, o que supón o mantemento dos postos de traballo da entidade, e a promoción do desenvolvemento empresarial, o que permitirá a dinamización da actividade económica da cidade nos diversos sectores implicados, así como permitir a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.

Tendo previsto este convenio de colaboración os seguintes obxectivos:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade

exportadora, a Feira e o Congreso Mundial sobre Cambio Climático e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio, ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción. Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron case 3.000 millóns de euros en 2015, e manteñen máis de 7.000 empregos directos.

- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira e o Congreso, xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tál e como se pode desprender dos datos da Feria realizada no ano 2016, no que tivo 588 expositores de 43 países e 30.020 visitantes profesionais procedentes de 106 países, o que supón un incremento do 10% con relación a feira do ano 2016.
- Mantemento de postos de traballo na sede da Asociación en Vigo: na sede da Asociación en Vigo traballan 6 profesionais adicados à organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feira.

Non obstante, dado que a Feira é a principal fonte de ingresos para o mantemento tanto da estrutura da asociación como dos servizos que presta aos seus asociados, pode considerarse que contribúe ao mantemento da totalidade da plantilla da asociación que ascende a un total de 16 persoas traballadoras (catro máis que o ano 2015).

Obxectivos que non minoran en ningún momento os principais obxectivos do Plan Municipal de Emprego, senon máis ben, complementáoaos, como se amosa de seguido:

- ✓ Posibilitar o desenvolvemento da cidade na procura dun mercado de traballo baseado na xeración de alto valor engadido, apostando por persoas traballadoras cualificadas e implicadas no proxecto empresarial, isto é, persoal de alta produtividade en empresas competitivas con emprego de calidade.
- ✓ Potenciar o emprendemento, a figura do emprendedor e o mantemento das iniciativas emprendedoras como forma de creación de emprego.
- ✓ Facilitar a incorporación ás TICs do conxunto de vigueses que acudan ós servizos de emprego deste concello.
- ✓ Avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres.
- ✓ Inserir laboralmente ós colectivos con mais dificultades de inserción no mercado de traballo para evitar os posibles riscos de exclusión social.
- ✓ Potenciar a creación de emprego vinculada ás novas necesidades da vida diaria, de mellora do marco de vida, de servizos culturais, de ocio e de medio natural.
- ✓ Establecer procedementos de participación dos axentes socioeconómicos no des-
eño, execución e avaliación dos diferentes programas de emprego.

- ✓ *Potenciar a creación de Observatorios do mercado de traballo vinculados ao Pacto local de emprego que, ademais de facer análise do mercado de traballo realice perspectiva a curto e medio prazo tanto no relativo ás necesidades de incorporación de traballadores ás empresas existentes como nos nichos de mercado existentes para o impulso do emprendemento.*

Dentro das medidas de fomento do emprego e de apoio ás persoas desempregadas en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sindicais, empresariais e sociais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade.

– E tendo en conta a necesidade de dinamizar un sector que se atopa en recesión, mediante o seu coñecemento e dinamización o que permitirá a creación e mantemento de postos de traballo, e sendo a “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)” a única entidade que ten entre os seus obxectivos a celebración da “Feira Internacional de Productos do Mar Conxelados”, e que ten a experiencia necesaria, así como un profundo coñecemento do funcionamento e coordinación do comercio de produtos alimenticios conxelados, o que xustifica a concesión deste convenio de xeito directo, por un importe total de 100.000,00 €, importe recollido nominativamente na partida 2410 4700003 “Convenio Feira Coxemar”, conforme ao establecido no artigo 19.4.a da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que figuran neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O convenio de colaboración se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Debido aun erro na cláusula décimo sexta do convenio de colaboración, se ten procedido a súa corrección substituindo o R.D. 1398/1993, xa derogado pola Le 39/2015, de 1 de outubro, do PAC das AA.PP.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

- *Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, con CIF: G36636819.*
- *Autorizar o gasto de 100.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio con cargo á partida nominativa 2410.4700003 “Convenio Feira Conxemar”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017 e, comprometer o mesmo a favor da “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, para o cumprimento dos obxectivos recollidos no convenio de colaboración.*

- *Facultar ao Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.*
- *Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Na Casa do Concello de Vigo, ____ de ____ de dous mil dezaseis

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións de Alcaldía de 19 de xuño de 2015, co enderezo na Praza do Rei nº 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700-H.

Doutra, Don José Luís Freire Freire, como Presidente da Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), con CIF: G36636819, e enderezo social en Avenida Beiramar, 29 de Vigo.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral, así como o fomento e dinamización empresarial do sector de transformación dos produtos da pesca e acuicultura, mediante a realización de feiras internacionais que permitan unha mellor dinamización do mesmo cara á creación de emprego estable e de calidade, procurando que os custes do convenio de colaboración coa entidade sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións e, tendo en conta que o desenvolvemento destas actividades de fomento do emprego veñen desenvolvéndose dende o ano 2013, mediante a sinatura de convenios de colaboración coa “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR)”, para a potenciación das contratacións de persoas desempregadas que lles permita obter unha maior formación e experiencia no desenvolvemento das súas actividades profesionais, polo que conforme establece a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores así como a realización de novas actuacións de fomento que foran xa establecidas nos proxectos de establecemento de servizos obxecto dos informes de inexistencia de duplicidades e sustentabilidade financeira previstos nesta lei.

...

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón que toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións sen ánimo de lucro, de tal xeito que se mellore a dinamización empresarial, a contratación de persoas en situación de desemprego cara a búsqueda de emprego, o autoemprego e o fomento do emprendemento.

A celebración de feiras sectoriais e en concreto a de produtos do mar conxelados, permite:

- A dinamización sectorial, xa que é unha das maiores oportunidades de negocio para as empresas do sector radicadas en Vigo e a súa área de influencia. Nun contexto de crise económica no que a viabilidade das empresas depende da súa capacidade exportadora, a Feira e o “Congreso Mundial sobre Cambio Climático e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio”, ofrecen a posibilidade de realizar múltiples contactos internacionais sen moverse de Vigo e permite ademais que os potenciais clientes internacionais visiten as plantas de produción. Do mesmo xeito, a Feira funciona como un importante motor das exportacións sectoriais contribuíndo de feito ao mantemento da actividade e do emprego nas plantas de produción localizadas en torno á ría de Vigo. Soamente as empresas asociadas a Conxemar con instalacións na área de influencia de Vigo facturaron case 3.000 millóns de euros en 2015, e manteñen máis de 7.000 empregos directos.
- A dinamización da actividade económica na cidade: ademais da proxección internacional da cidade, a celebración da Feira e o Congreso, xera un dos períodos de maior actividade anual nos sectores de hostalaría, restauración, taxi, comercio, tál e como se pode desprender dos datos da Feria realizada no ano 2016, no que tivo 588 expositores de 43 países e 30.020 visitantes profesionais procedentes de 106 países, o que supón un incremento do 10% com relación a feira do ano 2016.

Calcúlase que cada visitante de Conxemar deixa na cidade unha media de 300 €/día. A celebración de Conxemar é un dos escasos períodos do ano, se non o único, no que os hoteis da cidade colgan o cartel de completo.

- O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira e do Congreso Mundial sobre Cambio Climático e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio:
 1. Organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo e do Congreso Mundial sobre Cambio Climático e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio, implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe.
- Mantemento de postos de traballo na sede da Asociación en Vigo: na sede da Asociación en Vigo traballan 6 profesionais adicados à organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feira.

MANIFESTAN

I.- - Que a Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR), conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo con data 7 de marzo de 2017 co nº de documento 170033837, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- a) promover o desenvolvemento empresarial, en beneficio do interese xeral e colaborar nun maior benestar social,
- b) a organización de feiras e exposicións monográficas ou multisectoriais tendentes á divulgación, fomento, orientación e promoción dos produtos da pesca e os seus derivados.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar entidades sen ánimo de lucro destinadas a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a participación da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades empresariais, sociais e veciñais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter dinamizador, do tecido empresarial e polo tanto do emprego entre a cidadanía de Vigo, entre as que cabe destacar a celebración de eventos feirais e empresariais de índole internacional, estatal e autonómica as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandida actividade a subvencionar e na subvención mesma concurren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral e empresarial na actualidade na cidade de Vigo:

Desemprego rexistrado por e sexo:

| ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Febreiro 2017 | | |
|--|--------|----------|
| Desemprego | Homes | Mulleres |
| 26.998 | 12.044 | 14.954 |

Desemprego rexistrado por sector de actividade:

| ESTADÍSTICAS DE DESEMPREGO EN VIGO – Febreiro 2017 | | | | | |
|--|-------------------------|-----------|--------------|----------|----------------------|
| TOTAL | AGRICULTURA E GANADERÍA | INDUSTRIA | CONSTRUCCION | SERVIZOS | SEN EMPREGO ANTERIOR |
| 26.998 | 446 | 3.375 | 1.975 | 19.139 | 2.063 |

- Datos correspondentes a febreiro de 2017, segundo a web da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento do sector alimentario, e concretamente do relacionado cos produtos conxelados do mar, así como da súa implantación no sector empresarial e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2017, para o desenvolvemento dun convenio coa Asociación Española de

Mayoristas, Importadores, Exportadores y Transformadores de Productos de la Pesca y Acuicultura (CONXEMAR) para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervintes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, cuxo obxecto é apoiar a celebración da Feira Internacional de Produtos do Mar Conxelados, considerada a primeira do mundo no sector do conxelado durante o segundo semestre do ano, e que na edición en 2016 contou coa participación de 588 expositores (10% máis que o ano anterior, destacando novamente a presenza da FAO) de 43 países, con visitantes profesionais procedentes de 103 países de todo o mundo (1 país máis que o ano anterior).

V.- Que CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, o Concello de Vigo e a dita CONXEMAR convenén a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, así como nas labores de xestión da entidade e da dinamización sectorial das empresas adicadas ao conxelado de produtos do mar, a dinamización da actividade económica da cidade, e concretamente, a:

- 1. O fomento do emprego derivado directamente da organización da Feira no Instituto Feiral de Vigo e do Congreso Mundial sobre Cambio Climático e os seus efectos sobre a pesca marina, a acuicultura e o comercio, o que implica a intervención de centos de traballadores de diferentes sectores durante quince días: nas actividades de montaxe na semana previa á celebración da Feira, durante a Feira e posteriormente na desmontaxe. A Feira mobiliza anualmente a preto de medio millar de traballadores entre o persoal contratado pola organización e o contratado directamente polas empresas expositoras.*
- 2. Mantemento de 6 profesionais dedicados á organización da Feira: dous na área de comunicación e catro na de Feira na sede da Asociación en Vigo.*
- 3. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, o lugar, datas e horas de inicio das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite*

ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarse cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.

- 4. Nas oficinas de administrativas da entidade e na entrada ao recinto, deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*
- 5. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.*
- 6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- 7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.*
- 8. As actividades de carácter sociolaboral recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.*
- 9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
- 10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- ✓ Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.*
- ✓ Respectar a estrutura organizativa de CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura”.*
- ✓ Conceder directamente á CONXEMAR “Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura” unha subvención total por importe de 100.000,00 € con cargo á partida nominativa 2410.4700003 “Convenio Feira Conxemar”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2017, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.*

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidades sindicais.

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos.

Oitavo.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Noveno.- Comisión de seguimento

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos, que ostentará a Presidencia e que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Empego.*

- Tres vogais:
 1. Un/unha técnico/a adscrito ao servizo de Desenvolvemento Local e Empego.
 2. Dous membros da Xunta directiva da entidade CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura".

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a ou laboral do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, e estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.

Décimo.- A beneficiaria, antes do 11 de novembro de 2017, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade conveniada.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de ... euros.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos.

- As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que apróbase o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.
- Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

- *As Retribucións de persoal da entidade correspondentes aos 10 días anteriores e os 5 posteriores á celebración da feira e o forum, xustificaranse mediante:*
 - *Copia autenticada do contrato.*
 - *Copia autenticada do TC1 e TC2.*
 - *Copia autenticada das nóminas.*
 - *Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
 - *Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*
- *Cando a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora do convenio procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo do convenio e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á axuda conveniada recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ao expediente e á área xestora do convenio e procederá á devolución do orixinal.*
- *Serán gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2017 e o 31 de outubro de 2017.*
- *En xeral os documentos xustificativos deberán de corresponderse con gastos vencellados de forma directa co obxecto deste convenio.*

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo segundo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de abril de 2016 e o 31 de outubro de 2017, sempre e cando estén directamente relacionados coa celebración da feira e do forum.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as devanditas contratacións.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Economía, Industria, Emprego, Voluntariado e relación cos Sindicatos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo sétimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo oitava.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola CONXEMAR "Asociación Española de Mayoristas, Importadores, Transformadores y Exportadores de Productos de la Pesca y Acuicultura" no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo novena.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2017.

6(366).- BASES REGULADORAS, CONVOCATORIA E EXTRACTO DAS “AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2017”.EXPTE. 13823/77.

Visto o informe xurídico do 6/04/17, e o informe de fiscalización do 12/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 6/04/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro de Emprego e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dando continuidade a súa actividade de fomento do emprego, como medida de apoio tanto ás empresas como ás persoas traballadoras desempregadas empadroadas no municipio de Vigo, cara á inserción laboral para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial quere por en marcha a convocatoria de "Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa" para este ano 2017.

En canto a competencia para actividade de fomento de emprego, que a Xunta de Goberno Local no seu acordo de data 9 de marzo de 2012 considerou que constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en canto ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, a Comunidade Autónoma de Galicia, que ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de Autonomía, respectando a autonomía que ás entidades locais lles recoñecen os artigos 140 e 142 da Constitución e de acordo co artigo 27.2 do Estatuto, aprobou a Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, indicando na súa exposición de motivos que o eixe fundamental da lei debe seguir sendo o artigo 2.1 da Lei 7/1982, do 2 de abril (LBRL), que na súa redacción actual derivada da reforma da Lei 27/2013, continúa facendo referencia a que para a efectividade da autonomía garantida constitucionalmente ás Entidades Locais, a lexislación do Estado e a das Comunidades Autónomas, reguladora dos distintos sectores de acción pública, segundo a distribución constitucional de competencias, deberá asegurar aos municipios o seu dereito a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, atribuíndolles as competencias que proceda en atención ás características da actividade pública de que se trate e á capacidade de xestión da Entidade Local, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e, como engade agora a reforma, con estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade coa Sentenza do Tribunal Constitucional 214/1989, do 21 de decembro, que expresa que a función constitucional encomendada ao lexislador estatal é a de garantir os mínimos competenciais que dotan de contido e efectividade á garantía da autonomía local, xa que non se descende á fixación detallada de tales competencias, pois o propio Estado non dispón de todas elas. Por iso é polo que esa ulterior operación quede deferida ao lexislador competente por razón da materia.

A mencionada Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, establece no seu artigo 3.3, apartado b), a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación, que non considera, entre outras, aos efectos do art. 7.4 LBRL, como exercicio

de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores en Desenvolvemento Local e Emprego, e na disposición adicional primeira que as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio; neste sentido compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

Nas presentes bases reguladoras e convocatoria para o ano 2017, co obxectivo de completar esta acción de fomento de emprego se ofrecen dúas modalidades de axuda:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos): como nas anteriores convocatorias, estas axudas dirixiranse ás empresas, independentemente da súa forma xurídica, que transformen en indefinidos os contratos formalizados, xunto coas súas prórrogas, no período comprendido dende o 1 de xaneiro e ata o 31 de xullo de 2017, a persoas novas menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo, atendendo ás bases e a convocatoria que se achegan no expediente.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións): nesta modalidade, as axudas dirixiranse ás empresas, independentemente da súa forma xurídica, que contraten, a persoas traballadoras desempregadas menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Comprenderá as contratacións que se realicen dende o 1 de xaneiro e ata o 31 de xullo de 2017 e requirirá, con anterioridade á contratación, a selección da persoa a contratar a través da presentación da correspondente oferta de emprego ante o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG).

O procedemento de concesión destas modalidades de subvención tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais destas axudas e ao amparo do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

En síntese, esta convocatoria pretende apoiar e reforzar a ocupabilidade da cidadanía empadroada no Concello de Vigo, pero con especial atención ao colectivo da mocidade que é un dos colectivos máis débiles no mercado laboral e maior dificultade de acceso ao mesmo. Atendendo ás taxas de actividade e á experiencia da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, defínense os seguintes colectivos preferentes, por outro lado habituais nas políticas activas de emprego (mulleres, persoas con discapacidade e persoas pertencentes a colectivos en risco de exclusión social). Neste sentido as contías das axudas resultan de valorar cada unha destas situacións de xeito específico, ademais de ter presentes outros criterios como son a contratación do primeiro empregado e ser usuario do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Para a convocatoria do ano 2017 destas "Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa" destínase un montante total de 100.000,00€ (cen mil euros), da partida orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil do vixente orzamento que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

- Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de 50.000,00€ (cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.
- Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de 50.000,00€ (cincuenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

Conforme a Resolución do 10/12/2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que establece no seu apartado Cuarto, "Dentro de cada órgano deberán establecerse os mecanismos que garantan que a convocatoria e o extracto que se fornecen á BDNS foron aprobados nos mesmos termos pola autoridade competente", para o cumprimento do mesmo e conforme a información contida no documento de preguntas máis frecuentes da IGAE, se ten procedido a elaborar unha convocatoria, as bases reguladoras e un extracto da mesma nas linguas española e galega.

A obrigada regulamentación para a concesión das citadas axudas pasa pola aprobación das bases reguladoras para a súa concesión. Neste sentido, realizáronse as modificacións necesarias para adaptar o seu contido ás novidades que incorpora a Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas conforme ás observacións formuladas no informe de fiscalización do 27.02.2017 e tras consulta realizada ao Secretario de Administración Municipal.

Con posterioridade o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego tras unha nova revisión das bases reguladoras incorpora nos apartados a.7, b.7 e 4.1 a referencia á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións para completar a información correspondente e nos apartados a.6 e b.6 se inclúe a necesidade de acreditar a situación tributaria e coa Seguridade Social das empresas solicitantes ao abeiro do artigo 28.3 da Lei 39/2015, tal e como se esixe nos apartados de "Requisitos" de ambas modalidades de axuda e que tamén se inclúe nos anexos correspondentes. Finalmente, nos apartados a.2 e b.2 engádese o parágrafo *"En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de*

Desenvolvemento Local e Emprego para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios aos departamentos administrativos responsables” o que se refire tamén no Anexo I. Solicitude.

Por todo o exposto e seguindo instrucións do Concelleiro de Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, solicítase da Xunta de Goberno Local, previo informe do Secretario de Administración Municipal e da Intervención Xeral respecto do crédito necesario para asumir o gasto, a adopción da seguinte proposta de acordo:

1. Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma e as Bases Reguladoras das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa 2017, no ámbito dos programas de apoio á inserción laboral, que se achegan no expediente.

2. Aprobar o gasto por importe total de 100.000,00 € (cen mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700000 "Plan de Emprego Xuvenil" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2017.

3. Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria e as bases reguladoras da convocatoria das "Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa" en:

–A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org); a publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

–As bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2017

INDICE

BASE 1ª. OBXECTO

BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A. PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)

a.1. Beneficiarios

a.2. Requisitos

a.3. Tipos e contías da axuda

a.4. Obrigas

a.5. Alteración das condicións de concesión

a.6. Solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación

a.7. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

B. PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIONES)

- b.1. Beneficiarios
- b.2. Requisitos
- b.3. Tipos e contías da axuda
- b.4. Obrigas
- b.5. Alteración das condicións de concesión
- b.6. Solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación
- b.7. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

BASE 3ª. EXCLUSIÓN E INCOMPATIBILIDADES

BASE 4ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

BASE 6ª. PUBLICIDADE

BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

ANEXOS

ANEXO I. SOLICITUDE

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA DE NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS

ANEXO III. AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR INFORMACIÓN DO PADRÓN DA/S PERSOA/S POLA/S QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ANEXO IV. OFERTA DE EMPREGO

ANEXO V. RELACIÓN DE PERSOAS TRABALLADORAS POLAS QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

ANEXO VI. INFORMACIÓN Á PERSOA TRABALLADORA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA POLO CONCELLO DE VIGO

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO

DA MOCIDADE VIGUESA 2017

BASE 1ª. OBXECTO

A presente disposición establece as bases reguladoras e a convocatoria do programa de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" no marco da actuación municipal para o ano 2017, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)
- B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

BASE 2ª. PROGRAMAS DE AXUDAS

A) PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS (PROGRAMA INDEFINIDOS)

a.1. Beneficiarios

Poderán solicitar estas axudas entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, distintas da administración pública e entidades sen ánimo de lucro e comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2017 realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda terá formalizado un contrato previo non inferior a 3 meses de duración e reunirá a condición de menor de 30 anos na data da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadroamento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2016. A xornada laboral do contrato indefinido que se subscriba terá unha duración igual ou superior a 20 horas semanais.

As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, tal e como se especifica no punto a.3.

a.2. Requisitos

a.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

a.2.2. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (agás os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

a.2.3. Acreditar no momento da solicitude a transformación da contratación temporal en indefinida de persoas mozas traballadoras empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2016.

a.2.4. A condición de idade menor de 30 anos deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

a.2.5. Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

a.2.6. No caso de transformacións de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será a tempo completo (excepto as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontinuo, que poderá ter unha duración inferior á xornada a tempo completo en cómputo anual).

a.2.7. Nos supostos de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual ao do contrato que se transforma e sempre que teñan unha duración mínima igual ou superior a 20 horas semanais.

a.2.8. Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo, o que se acreditará polo procedemento establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios aos departamentos administrativos responsables.

a.3. Tipos e contías da axuda

| TRANSFORMACIÓN DE CONTRATO TEMPORAL EN INDEFINIDO | CONTÍA ⁴ |
|---|---------------------|
| Persoa traballadora, menor de 30 anos e empadroada en Vigo ¹ | 2.000,00 € |
| INCREMENTO POR COLECTIVO ² | |
| • Muller | 500,00 € |
| • Vítima de violencia de xénero ³ | 500,00 € |
| Importe Máximo Total | 3.000,00 € |

(1) Persoas empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 01/10/2016. A idade menor de 30 anos deberá concorrer no momento da transformación do contrato temporal en indefinido.

(2) O incremento da axuda por colectivo será acumulativo.

(3) Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

(4) No caso de contratos a tempo parcial practícarase unha redución proporcional, respecto á xornada laboral habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda e terán unha duración igual ou superior a 20 horas semanais.

a.4. Obrigas

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases reguladoras e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as que seguen:

a.4.1. Se é o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos especificados no apartado a.3 para o incremento da axuda.

a.4.2. Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

a.4.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. No caso de incremento da devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral e de acordo cos límites establecidos na base 2ª, apartado a.5 destas Bases reguladoras e convocatoria, deberá comunicarse a nova xornada nun prazo de 15 días. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter, polo menos, a xornada inicialmente pactada para o traballador ou traballadores substitutos.

a.4.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

a.4.5. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dun ano desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.5.

a.4.6. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

a.4.7. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

a.4.8. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

a.4.9. O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

a.5. Alteración das condicións de concesión

De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno

Local, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.7.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora por medio da transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída, de non ser isto posible, cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada, dentro dos dez días seguintes ao cese, que resultará seleccionada entre as candidaturas proporcionadas polo Servizo Público de Emprego e/ou polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo aos que se solicitarán previamente.

No caso de que, desde o servizo Público de Emprego de Galicia como desde o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, non se subministrara persoa algunha como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída pola que se lle tería concedido a axuda, ou reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva e pola que se lle concedera a axuda.

A nova contratación deberá ser comunicada ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e non dará lugar, en ningún caso, a unha nova subvención.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días que se contará desde a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

- DNI da persoa contratada substituta.
- Declaración responsable da causa da extinción contractual da persoa traballadora contratada inicialmente.
- Baixa da persoa contratada inicialmente.
- Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

a.6. Solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación

a.6.1. Solicitude e documentación

As solicitudes presentaranse, segundo modelo normalizado (Anexo I) e irán acompañadas da documentación seguinte:

Documentación relativa á empresa:

1. Anexo I. Solicitude.
2. DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas.
3. No caso de persoas xurídicas, achegar DNI e copia compulsada do poder suficiente ou do documento acreditativo para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.
4. Alta no IAE da empresa que solicita a axuda ou documento equivalente.

5. Acreditar polo procedemento establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo.
6. Anexo II. Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada.
7. Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á transformación do contrato temporal a indefinido para o que se solicita a subvención. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).

Documentación relativa a cada persoa traballadora pola que se solicita a axuda:

8. DNI da persoa traballadora pola que se solicita a subvención.
9. Copia compulsada do contrato de traballo (inicial, prórrogas e de transformación da modalidade de contrato a indefinido) no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego ao abeiro do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, a Orden TAS/770/2003, do 14 de marzo e o Real Decreto 1715/2004, do 23 de xullo.
10. Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados na base 2ª, apartado a.3. destas bases e convocatoria.
11. Volante de empadramento da persoa traballadora ou achegarase Anexo III cos datos necesarios para a súa obtención.

Porén, o solicitante poderase acoller ao establecido no art. 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PAC), no relativo ao dereito a non presentar documentos que obren en poder das administracións, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, se é o caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderalle requirir ao solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base a.6, seralle requirida á/ao solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, terase por desistido, arquivándose previa resolución segundo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

a.6.2. Lugar e prazo de presentación

As solicitudes segundo modelo normalizado (Anexo I) e a documentación complementaria dirixiranse á Consellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos e presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e ata o 8 de agosto de 2017.

a.7. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

O prazo para resolver será, como máximo, de cinco meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de cinco meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte documentación para a xustificación da subvención, no prazo sinalado:

- ✓ Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á concesión da axuda. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).

- ✓ As entidades beneficiarias deberán presentar unha comunicación individualizada por cada traballador/a obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos custos derivados da súa contratación, do cal se remitirá copia asinada polo/a beneficiario/a ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no momento da xustificación (Anexo VI).
- ✓ Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de marzo de 2018.

O servizo xestor, Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da súa adecuada xustificación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

B) PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN (PROGRAMA CONTRATACIÓNS)

b.1. Beneficiarios

Poderán solicitar estas axudas empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública e entidades sen ánimo de lucro e comprenderá a contratación por conta allea, de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do Servizo Público de Emprego, empadroadas no municipio de Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días (segundo a súa Vida Laboral).

Esta modalidade comprenderá as contratacións que se realicen no período comprendido dende o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2017 que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles remitirá a correspondente oferta de emprego.

A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data do inicio do contrato polo que se solicita a axuda, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2016.

As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo a duración do contrato, as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo non inferior a 20 horas semanais, tal e como se especifica no punto b.3.

b.2. Requisitos

b.2.1. Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b.2.2. O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

b.2.3. As persoas a contratar polo beneficiario deberán ser menores de 30 anos, desempregadas inscritas no servizo Público de Emprego e, ademais, estar empadroadas no municipio de Vigo, cando menos desde o 1 de outubro de 2016, e que accedan ao seu primeiro emprego ou que a súa experiencia laboral previa á contratación sexa inferior a 365 días segundo a súa Vida Laboral.

b.2.4. Solicitar as candidaturas para a selección da/s persoa/s traballadora/s desempregada/s a contratar ante o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e ante a oficina do servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) mediante a presentación, previo á súa contratación, da correspondente oferta de emprego.

b.2.5. A condición de idade menor de 30 anos da persoa traballadora pola que se solicita esta axuda deberá concorrer o día de inicio da relación laboral obxecto da contratación.

b.2.6. As persoas traballadoras contratadas nas modalidades de prácticas ou para a formación e o aprendizaxe non poderán substituír a outras persoas traballadoras que estiveran contratadas nos tres meses anteriores na empresa baixo a mesma modalidade contractual para ocupar o mesmo posto de traballo, salvo que aquelas relacións laborais se extinguiran por acadar a duración máxima prevista na lexislación laboral de aplicación. A dita circunstancia farase constar mediante declaración responsable suscrita pola empresa solicitante.

b.2.7. Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo, o que se acreditará polo procedemento establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O solicitante será quen de coñecer e, de ser necesario, regularizar a súa situación para o seu cumprimento coas obrigas tributarias (administracións estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social e poder optar a esta axuda.

En calquera caso, o/a solicitante desta axuda autoriza ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios aos departamentos administrativos responsables.

b.3. Tipos e contías da axuda

| CONTRATACIÓNS | CONTRATO 3 MESES | CONTRATO 6 MESES | CONTRATO IGUAL / |
|---|---------------------|---------------------|---------------------|
| Persoa desempregada, menor de 30 anos e empadroadada en Vigo ¹ | 1.500,00 € | 3.000,00 € | 4.500,00 € |
| INCREMENTO POR COLECTIVO ² | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Primeiro empregado/a da empresa • Muller • Persoa con discapacidade³ • Persoa pertencente a colectivo en risco ou situación de exclusión social⁴ | 200,00 € | 400,00 € | 500,00 € |

| | | | |
|--|------------|------------|------------|
| • Participante dalgún dos programas da concellería | | | |
| Vítima de violencia de xénero | 200,00 € | 400,00 € | 500,00 € |
| Importe Máximo Total | 1.900,00 € | 3.800,00 € | 5.500,00 € |

⁽¹⁾ Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego e empadroadas no municipio de Vigo, cando menos, desde o 01/10/2016 e durante a vixencia do contrato obxecto da subvención e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral previa á contratación sexa inferior a 365 días segundo a súa Vida Laboral. A idade menor de 30 anos deberá concorrer o día de inicio da relación laboral obxecto da contratación.

⁽²⁾ O incremento da axuda por colectivo non será acumulativo, agás o colectivo de VVD.

⁽³⁾ A acreditación do grao de discapacidade deberá presentarse de xeito documental.

⁽⁴⁾ A pertenza aos colectivos en risco ou situación de exclusión social deberá acreditarse de xeito documental e a dita consideración integra aos seguintes colectivos:

4.1. Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia ou aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período esixido de residencia ou empadroamento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, ou membros da súa unidade familiar en desemprego.

4.2. Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

4.3. Internos/as de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados/as condicionais ou ex-reclusos/as que non tivesen antes un primeiro emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

4.4. Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

4.5. Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.

4.6. Mulleres que abandonaran o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral e transexuais ou en procesos de reasignación sexual.

4.7. Menores internos cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como os que estean en situación de liberdade vixilada e os ex-reclusos/as.

4.8. Mozos/as que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración Autonómica.

4.9. Traballadores/as inmigrantes que pasen a ser residentes da comunidade cuxas características condicionen a súa integración social.

4.10. Emigrantes retornados/as con graves necesidades persoais ou familiares.

4.11. Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

Nos supostos de contratacións a tempo parcial serán subvencionables os contratos a xornada parcial que teñan unha duración mínima de 20 horas semanais, con redución proporcional, respecto á xornada habitual da actividade de que se trate, do total da contía da axuda. Como caso excepcional e previa xustificación, que será avaliada pola Comisión de Valoración, poderase subvencionar contratacións cunha duración mínima inferior.

b.4. Obrigas

Serán obrigas das persoas e/ou empresas beneficiarias da subvención, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as que seguen:

b.4.1. Se é o caso, acreditar a pertenza da persoa a contratar a algún dos colectivos xa especificados no apartado b.3 para o incremento da axuda.

b.4.2. Comunicarlle ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.

b.4.3. Manter a xornada de traballo da persoa empregada pola que se lle concedeu a subvención. No caso de incremento da devandita xornada, ao abeiro do establecido na lexislación laboral e de acordo cos límites establecidos no apartado b.5 destas Bases reguladoras e a convocatoria, deberá comunicarse a nova xornada nun prazo de 15 días. Igualmente, no caso de producirse a substitución de traballadores se deberá manter, polo menos, a xornada inicialmente pactada para o traballador ou traballadores substitutos.

b.4.4. Formalizar o contrato de traballo por escrito.

b.4.5. Nos supostos de contratos en prácticas, presentarase a titulación da persoa traballadora en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo no que conste que se está en disposición de obter a dita titulación.

b.4.6. Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións do apartado b.5.

b.4.7. Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

b.4.8. O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ao longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

b.4.9.- Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.

b.4.10. O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

b.5. Alteración das condicións de concesión

De ser o caso, deberá comunicarse o cese da actividade ou a modificación das condicións que deron lugar á concesión da subvención e, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta de Goberno Local, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora.

A cobertura do posto vacante deberá producirse dentro dos dez días seguintes ao cese, e por un período de tempo equivalente ao que reste para a finalización do período estipulado inicialmente. No caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro.

Para a selección da nova persoa a contratar poderá incorporar unha candidatura procedente do proceso de selección de persoal inicial ou deberá presentar a correspondente oferta de emprego ante o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) e ante o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

No caso de que, desde o servizo Público de Emprego de Galicia como desde o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, non se subministrara ningunha persoa como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dunha nova persoa traballadora co mesmo perfil e características da persoa substituída polo que se lle tería concedido a axuda, ou reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva e pola que se lle concedera a axuda.

Se o traballador contratado causara baixa durante a tramitación da solicitude e con anterioridade á resolución de concesión, decaerá o dereito á solicitude presentada do solicitante da subvención e archivarase a súa solicitude, sen prexuízo de que poda presentar unha nova solicitude pola contratación doutra persoa traballadora.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días que se contará desde a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

- DNI da nova persoa traballadora.
- Declaración responsable da causa da extinción contractual da persoa traballadora contratada inicialmente.
- Baixa da persoa traballadora contratada inicialmente.
- Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
- Informe da vida laboral completa da nova persoa traballadora expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación.
- Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do servizo Público de Emprego.

b.6. Solicitude, documentación, lugar e prazo de presentación

b.6.1. Solicitude e documentación

As solicitudes presentaranse, segundo modelo normalizado (Anexo I) e irán acompañadas da documentación seguinte:

1. Anexo I. Solicitude.
2. DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas.
3. No caso de persoas xurídicas, achegar DNI e copia compulsada do poder suficiente ou documento acreditativo para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude.
4. Alta no IAE da empresa que solicita a axuda ou documento equivalente.

5. Acreditar polo procedemento establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e co Concello de Vigo.
6. Anexo II. Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada.
7. Anexo IV. Oferta de emprego para tramitar polo Concello de Vigo.
8. Ficha de oferta de emprego presentada ante o SPEG.
9. Anexo V. Relación de persoas traballadoras polas que se solicita subvención.
10. Volante de empadramento das persoas traballadoras polas que se solicita subvención ou achegarase Anexo III cos datos necesarios para a súa obtención.

Porén, o solicitante poderase acoller ao establecido no art. 53.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (PAC), no relativo ao dereito a non presentar documentos que obren en poder das administracións, sempre que se faga constar a data e órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, se é o caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer e cando non transcorreran máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle ao solicitante ou representante a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Se a solicitude non estivera debidamente cuberta e/ou non inclúe algunha documentación esixida nesta base b.6, seralle requirida á persoa solicitante para que, nun prazo de 10 días, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, con indicación de que, en caso de non facelo, se terá por desistido, arquivándose previa resolución segundo ao establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

b.6.2 Lugar e prazo de presentación

As solicitudes segundo modelo normalizado (Anexo I) e a documentación complementaria dirixiranse á Consellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos e presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será a partir do día seguinte á data de publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, e ata o 8 de agosto de 2017.

b.7. Concesión das axudas e tramitación do pagamento

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Comisión de Valoración e Seguimento.

O prazo para resolver será, como máximo, de cinco meses desde a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo de cinco meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na súa páxina web www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo o no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas..

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar á Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tácitamente aceptada. Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, condicionadas á presentación, da seguinte documentación para a xustificación da subvención, no prazo sinalado:

1. DNI de cada unha das persoas traballadoras obxecto de contratación.
2. Copia compulsada do contrato de traballo no modelo que se estableza e rexistrado nunha Oficina de Emprego do servizo Público de Emprego ao abeiro do Real Decreto 1424/2002, do 27 de decembro, a Orden TAS/770/2003, do 14 de marzo e o Real Decreto 1715/2004, do 23 de xullo.
3. Informe de vida laboral do código de conta de cotización relativo á empresa solicitante onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa expedido pola TXSS, con data posterior á concesión da axuda. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).
4. Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior ao inicio do período de contratación. Será de aplicación o establecido na Orde do 3 de abril de 1995 (BOE núm. 83 do 07.04.1995).
5. Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
6. Para os contratos en prácticas, titulación do traballador en virtude da cal se realice o dito contrato ou, no seu defecto, certificado expedido polo centro educativo que faga constar estar en disposición de obter a dita titulación.
7. Certificado e/ou documento acreditativo da pertenza da persoa traballadora a algún dos colectivos especificados no punto b.3. destas bases e convocatoria.

8. As entidades beneficiarias deberán presentar unha comunicación individualizada por cada traballador/a obxecto da subvención na que constará a colaboración do Concello de Vigo nos custos derivados da súa contratación, do cal se remitirá copia asinada polo/a beneficiario/a ao servizo de Desenvolvemento Local e Emprego no momento da xustificación (Anexo VI).

9. Fotografía do cartel informativo da subvención colocado nun lugar visible do seu local. O cartel informativo será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e deberase manter exposto cando menos ata o 31 de marzo de 2018.

O servizo xestor, Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións con Sindicatos, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da súa adecuada xustificación, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

BASE 3ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- As relacións contractuais que se formalicen cos socios que posúan máis do 33% do capital social en empresas que revistan a forma xurídica de sociedade mercantil, así como as que se subscriban con algún dos membros da Comunidade de bens ou da sociedade civil solicitante.
- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, e as súas análogas no caso de parellas de feito, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade. Non será de aplicación esta exclusión cando o/a empregador/a sexa un traballador/a autónomo/a sen asalariados e contrate un só familiar menor de 30 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
- Contratacións realizadas por empresas de traballo temporal para a posta a disposición da persoa contratada en empresas usuarias.
- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

BASE 4ª. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN

4.1. Instrución e tramitación das axudas

O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio tras a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e a publicación das presentes bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Dado o interese público, económico e social, derivado das particulares circunstancias económicas e sociais do colectivo de persoas traballadoras desempregadas, destinatarias finais

destas axudas e ao abeiro do disposto no parágrafo segundo do artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e atendendo ao seu carácter singular, estas subvencións, en calquera dos seus programas, outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas ou entidades beneficiarias reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario suficiente.

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos, será o encargado da revisión e tramitación das solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo, na páxina web do concello www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual no correo electrónico indicado na solicitude. As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo o caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

En previsión do artigo 21.4 parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas.

4.2. Comisión de Valoración e Seguimento.

A Comisión de Valoración e Seguimento estará composta polos seguintes membros:

- O concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos ou persoa en quen delegue que actuará como Presidente.
- O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, que actuará como secretario.
- Un/Unha técnico/a do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

A comisión contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo.

O concelleiro delegado da área resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida comisión.

O persoal técnico do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirlle á empresa ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións polas que se lle concedeu a subvención.

4.3. Criterios obxectivos de adxudicación

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións

de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria e exista crédito presupostario para iso.

BASE 5ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN S

a) Perda do dereito ao cobro

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ao reintegro total o parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

b) Renuncia

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

c) Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de mora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

BASE 6ª. PUBLICIDADE

6.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

Estas bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

6.2. Publicidade das subvencións concedidas

Todas as axudas que se concedan serán publicadas na páxina web www.vigo.org, no Taboleiro de Edictos e no portal de transparencia do Concello de Vigo e poderase notificar, de xeito individual, no correo electrónico indicado na solicitude.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito presupostario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

A publicidade das axudas que se concedan ao amparo destas bases reguladoras e convocatoria estará suxeita aos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos, no prazo de tres meses a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os mesmos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercer os empresarios solicitantes das axudas.

6.3. Publicidade do financiamento público.

As empresas ou entidades beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel, de forma visible, informativo da súa participación na convocatoria de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" do Concello de Vigo. O modelo normalizado do cartel será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego. E deberá manterse exposto, cando menos, ata o 31 de marzo do 2018.

BASE 7ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das entidades solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e

comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo.

BASE 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL

As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil do vixente orzamento do ano 2017, por un importe total de 100.000,00 € (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de 50.000,00€ (cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de 50.000,00€ (cincuenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 24110 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas doutro programa á proposta da comisión de valoración e seguimento.

Unha vez esgotado o crédito presupostario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade presupostaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

BASE 10ª. DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

CONVOCATORIA DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2017

Primeiro. Obxecto

O Concello de Vigo convoca o programa de "AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA" no marco da actuación municipal para o ano 2017, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

Segundo. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, distintas da administración pública que soliciten axuda para:

A) Programa Indefinidos, que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2017** realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

B) Programa Contratacións, que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2017** que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego.

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2016.

- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais e, ademais, no Programa Indefinidos o contrato inicial terá unha duración non inferior a 3 meses.

Terceiro. Réxime da convocatoria

A convocatoria realízase en réxime de concorrencia competitiva

Cuarto. Normativa e Bases reguladoras

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

As Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo serán publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=es>, no Boletín Oficial da Provincia e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Quinto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de **100.000,00 €** (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

I) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

II) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 24110 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

Unha vez esgotado o crédito presupostario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade presupostaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do

art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e **rematará o 8 de agosto de 2017**.

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sétimo. Órganos competentes para a instrución, resolución do procedemento e notificación

O servizo de Desenvolvemento Local e Emprego será o encargado de revisar e avaliar as solicitudes e, tras o informe da Comisión de Valoración, fará a súa proposta de outorgamento das axudas. No caso de documentación incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que a emende no prazo máximo de dez días, transcorrido o cal, teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución.

O persoal técnico do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deberá formularse a proposta de resolución.

A Xunta de Goberno Local, no prazo de cinco meses desde o remate do prazo de solicitude destas axudas, será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas.

A resolución do procedemento será publicada no taboleiro de edictos, no portal de transparencia do Concello de Vigo e na páxina web do concello www.vigo.org e poderase notificar de xeito individual ao solicitante.

Oitavo. Criterios de valoración

O procedemento de concesión das solicitudes presentadas será en réxime de concorrencia competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será unicamente temporal, outorgándose as subvencións segundo a orde de entrada, sempre que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos determinados nestas Bases reguladoras e convocatoria, e exista crédito presupostario para iso.

Noveno. Outros datos

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

Os adxudicatarios das axudas terán un prazo de dez días a contar desde o seguinte ao da súa notificación para presentar a documentación xustificativa da subvención e poder tramitar o seu pagamento.

Décimo. Publicación

As presentes Bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei Xeral de Subvencións, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos

principios recollidos na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, se publicarán, unha vez aprobadas, en:

- As Bases reguladoras no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).
- A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

EXTRACTO CONVOCATORIA DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA 2017

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades e empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, distintas da administración pública que soliciten axuda para:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos), que comprenderá a transformación en indefinidos dos contratos xa formalizados xunto coas súas prórrogas, de ser o caso, en calquera das modalidades contractuais vixentes no período comprendido **desde o 1 de xaneiro ata o 31 de xullo de 2017** realizados a persoas traballadoras menores de 30 anos, empadroadas no municipio de Vigo para prestar servizos no mesmo.

A tales efectos entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido nos casos nos que as modalidades de contratación se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos nos que o inicio da relación laboral indefinida se produza o día seguinte ao do remate da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Non se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses dende a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais nas que a súa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións), que comprenderá a contratación por conta allea de persoas traballadoras menores de 30 anos desempregadas, inscritas como demandantes de emprego na correspondente oficina do servizo Público de Emprego, empadroadas en Vigo, para prestar servizos no mesmo, e que accedan ao seu primeiro emprego ou a súa experiencia laboral sexa inferior a 365 días. Este programa comprenderá as contratacións que se realicen **dende o inicio do prazo de presentación de solicitudes destas axudas ata o 31 de xullo de 2017**, que resulten do proceso de selección entre as candidaturas remitidas desde o servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo e desde o servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) aos que, previamente, se lles presentará a correspondente oferta de emprego.

En ambos programas:

- A persoa traballadora pola que se solicita esta axuda reunirá a condición de menor de 30 anos na data da contratación ou da transformación da modalidade de contrato, así como acreditará o seu empadramento no municipio de Vigo, cando menos, desde o 1 de outubro de 2016.
- As empresas verán incrementada ou diminuída a contía da axuda segundo as características da persoa a contratar e a duración da xornada de traballo, e no Programa Contratacións tamén terase en conta a duración do contrato de traballo.
- Consideraranse as contratacións a tempo parcial sempre que teñan unha duración mínima, igual ou superior, de 20 horas semanais e, ademais no Programa Indefinidos o contrato inicial terá unha duración non inferior a 3 meses.

Segundo. Obxecto

Mediante o presente acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo convócanse subvencións para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, do programa de "Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa" no marco da actuación municipal para o ano 2017, co obxecto de servir de estímulo ao empresariado para a contratación dos mozos e mozas do municipio de Vigo, favorecer o emprego estable e facilitar ás persoas novas a súa primeira experiencia laboral que permita mellorar o seu grado de empregabilidade e aprendizaxe na contorna da empresa, a través dos seguintes programas de axudas:

- A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos)
- B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións)

Terceiro. Bases reguladoras

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de dd/mm/aaaa, e publicadas en <https://sede.vigo.org/expedientes/avisos/index.jsp?ide=0&lang=é>.

Cuarto. Contía

As axudas que se concedan ao abeiro desta convocatoria faranse con cargo á asignación orzamentaria 2410 470 00 00 denominada Plan de emprego xuvenil dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, por un importe total de **100.000,00 €** (cen mil euros) que se distribuirán segundo a modalidade de subvención:

A) Programa de incentivos para a transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Indefinidos) cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

B) Programa de incentivos á contratación (Programa Contratacións) cunha contía de **50.000,00€** (cincuenta mil euros) que se farán efectivos con cargo a partida orzamentaria 2410 470 00 00 – Plan de emprego xuvenil.

Unha vez esgotado o crédito presupostario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade presupostaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente contarase desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e **rematará o 8 de agosto de 2017.**

As solicitudes poderán achegarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos rexistros e oficinas que, ao respecto, establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Sexto. Outros datos

As bases reguladoras, a convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos Sindicatos (Casa do Concello - 4ª planta), na páxina web www.vigo.org, e nas dependencias de información do Concello de Vigo.

7(367).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO” PARA O APOIO AO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES QUE REALIZARÁ DURANTE O ANO 2017. EXPTE. 7559/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31/03/17, e o informe de fiscalización do 20/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 21/04/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a Concelleira delegada de dito Servizo e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e para a prevención e o tratamento da violencia de xénero.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo”

formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais como contemplan os seus estatutos son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración cuxo obxecto sexa apoiar os proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto "Sororidade".
- Área de reincorporación psico-social, proxecto "Activas"
- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto "Visibles"
- Área de formación, proxecto "Con perspectiva de xénero"

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria "Programa actividades 2017" que a entidade presenta ao Concello e que se incorpora como Anexo I neste expediente.

A insuficiente capacidade económica desta entidade sen ánimo de lucro para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións obxecto deste convenio motiva a concesión á entidade beneficiaria da axuda dun anticipo do 30% da subvención que se concede.

Ao tratarse dunha entidade non lucrativa que desenvolve programas de acción social non procede a constitución de garantías, tal e como recolle o apartado d) do artigo 42.2 Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O réxime xurídico no que se enmarca este proxecto de colaboración é conforme co disposto na normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de

desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xullo, así como as Bases de execución do orzamento vixente do Concello de Vigo.

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente administrativo consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaría "Convenio asoci. Rede mulleres contra os malos tratos" 2311 4890004, tramitando en anos anteriores expedientes similares, sirva como exemplo: 5413/224 do 2012 e 5856/224 do 2013. Polo exposto anteriormente xustifícase a continuidade que require a norma.

Atendendo á observación realizada polo Servizo de Fiscalización no informe emitido en data 20.04.2017, este servizo xestor procede a rectificar a cláusula decimo cuarta "Réxime de infraccións e sancións".

Por isto, e previos os preceptivos informes de Asesoría Xurídica e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo" e o Concello de Vigo para o apoio ao seu programa de actividades que realizará durante o ano 2017.

2º. Autorizar o gasto de 30.300,00€ (trinta mil trescentos euros) con cargo á partida presupostaría "Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras" 2311 4890004 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

3º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

" Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil dezasete

REUNIDAS

Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 7559- 224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I. Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autó-

noma baixo o nome "Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo" formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos*
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e propoñendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.*

II. Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os seus fins cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade a prol da igualdade de oportunidades e, máis especificamente, contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

III. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 30.300,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .

IV. Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar a realización dos proxectos da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto "Sororidade".

- Área de reincorporación psico-social, proxecto "Activas"

- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto “Visibles”

- Área de formación, proxecto “Con perspectiva de xénero”

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2017” que se incorpora como Anexo I neste expediente.

V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que forma parte deste convenio como Anexo III.

VI. Que a Asociación áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

VII. Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo nas labores de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero, no apoio á formación continua das mediadoras da Rede que realizan ditos acompañamentos así como ás xornadas informativas para a incorporación de novas integrantes voluntarias. Asemade, no marco desta subvención inclúense os proxectos que a entidade beneficiaria realizará no 2017 e que se enmarcan nas súas catro áreas de traballo:

- Área de apoio e acompañamento a mulleres en proceso de violencia de xénero, proxecto “Sororidade”.

- Área de reincorporación psico-social, proxecto “Activas”

- Área de concienciación, prevención e denuncia social, proxecto “Visibles”

- Área de formación, proxecto “Con perspectiva de xénero”

A finalidade, obxectivos, actividades a realizar, orzamento e persoal adscrito a cada área están descritos pormenorizadamente na memoria “Programa actividades 2017” que se incorpora como Anexo I neste expediente.

As accións prioritarias obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soidade e angustia, transmitíndolles apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

SEGUNDO.- OBRIGAS DA BENEFICIARIA

1. A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotar ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para acompañar ós casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese ademais, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Procederase á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polo servizo municipal do Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

2. Derivar a todas as beneficiarias dos acompañamentos que realice a entidade beneficiaria ao Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (CIM), servizo adscrito á Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, servizo responsable de ofrecer e garantir a información e o asesoramento social, xurídico e psicolóxico ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

3. Comunicar á Concellería de Igualdade con carácter semanal, a relación de mulleres atendidas na rede de acompañamento, indicando na comunicación: nome completo, DNI/NIE, enderezo e teléfono/s de contacto.

4. Achegar trimestralmente á Concellería de Igualdade as "Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción" segundo modelo do Anexo IV, debidamente cubertas e asinadas pola beneficiaria, polas persoas voluntarias que realizaron os acompañamentos e pola responsable do programa na entidade.

5. Dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo" en canto material escrito e audiovisual se empregue. É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no 2017 e que se enmarquen no programa de actividades 2017 incorporado como Anexo I, incluída a paxina web, blog e redes sociais propias. Para acadar este fin deberá cumprir co estipulado na cláusula oitava "Publicidade".

6. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin.

7. Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

8. Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias incluíndo unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

9. Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

10. A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

11. As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

TERCEIRO.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1. Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada (psicolóxica, xurídica e social) a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

2. Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 30.300,00€ co obxecto de coadxuvar o financiamento da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

CUARTO.- COMPATIBILIDADE DA AXUDA

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTO.- PAGAMENTO DA AXUDA

1. O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

a) A primeira, por importe de 9.090,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

b) A segunda por importe de 10.605,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

c) A terceira por importe de 10.605,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

2. Antes de proceder a cada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

SEXTO.- SUBCONTRATACIÓN

A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

SÉTIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguimento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

- *A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.*
- *A xefa do servizo de Igualdade ou técnica de Igualdade na que delegue.*
- *Unha técnica do servizo de Igualdade.*

Actuará como secretaria delegada unha das vogais da comisión que se designará para tal fin.

OITAVO.- PUBLICIDADE

1. Atendendo ao establecido pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa que modificou o réxime xurídico da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) contido no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións o Concello de Vigo rexistrará e daralle publicidade deste convenio na BDNS e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo.

2. A beneficiaria deberá dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible do logo do Concello de Vigo e a lenda "Colabora Concellería de Igualdade- Concello de Vigo" en canto material escrito e audiovisual se empregue.

É obriga da beneficiaria difundir esta colaboración en todos os actos e actividades que realice no 2017 e que se enmarquen no programa de actividades 2017, incorporado como Anexo I a este convenio. Para acadar este fin, a beneficiaria colocará en lugar visible para o público un cartel que identifique ao Concello de Vigo e a Concellería de Igualdade e indique que o acto/actividade que se está a realizar está financiado polo Concello de Vigo. Esta difusión tamén se fará extensiva á paxina web, blog e/ou redes sociais propios da beneficiaria. A beneficiaria enviará á Concellería de Igualdade coa suficiente antelación a proposta de imaxe, texto e medidas do cartel para ser aprobado previamente polo Concello. Esta difusión da financiación municipal deberá acreditarse documentalmente na memoria semestral e anual que presente a beneficiaria (anuncios prensa, imaxes das actividades coa acreditación da colaboración municipal, capturas de pantalla da web e redes sociais, etc.)

NOVENO.- XUSTIFICACIÓN

1. Prazo: antes do 10 de decembro de 2017, a beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

2. A memoria xustificativa deberá conter a seguinte documentación:

a) A xustificación do gasto imputable ao programa subvencionado deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación que acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da

subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 37.300,00€ (gasto total do proxecto segundo reflicte o orzamento presentado pola entidade).

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos, tal e como se indica no parágrafo anterior xunto cunha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria acompañando as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida. Ademais, a entidade deberá declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2017. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

b) Anexo IV “Fichas individuais mensuais das destinatarias da acción”. Neste anexo deberá constar todos os acompañamentos realizados ás usuarias destinatarias do programa no período subvencionado e deberá vir firmado por cada unha das destinatarias, polas persoas voluntarias que realizasen o acompañamento e conformado pola responsable do programa na entidade beneficiaria.

Este anexo entregárase con carácter trimestral na Concellería de Igualdade, cuxo persoal acusará recibo de dita documentación.

c) Unha memoria semestral e outra anual, ao remate do período subvencionable, en soporte impreso e dixital, que reflictan dun xeito cuantitativo e cualitativo todas as actividades realizadas no marco deste convenio e que se identifican no Anexo I deste convenio. As mu-

Ileres vítimas de violencia de xénero atendidas no marco deste programa de colaboración serán as identificadas no Anexo IV.

DÉCIMO. - GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que se realicen desde o 10 de decembro de 2016 ata o 9 de decembro de 2017 e de xeito indudable respondan á natureza da actividade subvencionada, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2017 e que forma parte deste convenio como Anexo II.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, material funxible, xestoría, seguros, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2017. Anexo II.

DÉCIMO PRIMEIRO.- COMPROBACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concillería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporarase á conta xustificativa.

DÉCIMO SEGUNDO .- OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRO.- PÉRDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DA AXUDA

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTO.- RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención á que se refire este convenio e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

DÉCIMO QUINTO.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencionable, polo que a súa achega é obrigatoria.

3.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTO.- NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal para o exercicio 2017 e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2017.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(368).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN DE APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. EXPTE. 7638/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 71/04/17, e o informe de fiscalización do 20/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 7/04/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a Concelleira delegada de dito Servizo e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Lei Orgánica Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero establece que as Corporacións locais organizarán os servizos de asistencia social integral que responderán aos principios de atención permanente, actuación urxente e especialización de prestacións e multidisciplinariedade profesional.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impoñelles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Atendendo á instrución 1/2014 de Intervención Xeral en relación á aplicación da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa citada Lei 27/2013, este servizo xestor informa de que as actuacións que esta concellería vai realizar baixo este expediente de contratación consisten en actuacións xa establecidas pola concellería de Igualdade en exercicios anteriores e con cargo á mesma partida presupostaria: “*IV Plan de Igualdade Municipal*” 23112279906, plan que xa está vixente desde o exercicio 2009 polo que se xustifica a continuidade que require a norma.

A Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller (CMIDM) e a rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas. Estes servizos mencionados complementáanse e coordínanse co Centro de Emerxencia que xestiona o Consorcio Galego de Servizos Sociais e Igualdade conveniado co Concello de Vigo.

As tres vivendas municipais de protección están emprazadas en distintas zonas da cidade e son centros de servizos sociais autorizados pola Xunta de Galicia, que a Concellería de igualdade destina á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante a súa estancia, se ofrece ás mulleres a axuda e o apoio dunha educadora familiar que contribúe a que as mulleres beneficiarias da rede consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.

O obxecto do presente convenio comprende fundamentalmente o desenvolvemento dun proxecto de intervención e apoio familiar coas mulleres vítimas de violencia de xénero acollidas nas vivendas municipais de protección que permita que cando remate o período establecido de cesión da vivenda municipal, a usuaria teña conseguido ou mellorado as habilidades persoais, recursos económicos e sociais que lle permitan establecer unha vida independente e autónoma xunto cos seus fillos e fillas dependentes.

No expediente non se fai ningunha referencia ao enderezo das vivendas que integran a rede municipal por razóns obvias de seguridade e protección das mulleres acollidas e das súas fillas e fillos. Non obstante, para a súa identificación municipal cómpre indicar que os números de identificación que reflicten cada unha das autorizacións de inicio de actividade como centros de servizos sociais son as seguintes: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

Evitar a difusión do emprazamento desta rede é unha das principais razóns que motivan a non cinguir concorrencia pois a concorrencia implicaría difundir máis do estritamente necesario a existencia desta rede. Aínda que non se facilitasen os enderezos das vivendas, a concorrencia implicaría dar difusión á rede, feito que este servizo non valora nada conveniente pois a pretensión é que esta rede de acollida sexa o máis “secreta” posible, pois é evidente que cantas máis persoas coñezan a súa existencia máis doado é para os agresores coñecer os enderezos da mesma e pór en perigo ás mulleres e persoas delas dependentes. Estes mesmos motivos son os que nos aconsellan celebrar o convenio coa Asociación Mulleres Progresistas en concreto, e non con outra entidade, pois esta é unha asociación sen ánimo

de lucro, que ten unha ampla traxectoria de traballo na cidade a prol da defensa dos dereitos das mulleres, ten experiencia de traballo con grupos de mulleres vítimas de violencia de xénero, desde os seus inicios; asemade, a entidade ten colaborado activamente nas accións da concellería, concretamente nas accións relativas á loita contra a violencia de xénero contempladas nos planos de acción municipal de igualdade, e contan con profesionais formadas en xénero e en violencia de xénero que sempre traballan coordinadas co Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Para o servizo municipal de Igualdade estas cualidades son garantía necesaria e suficiente para levar adiante o programa coas debidas garantías de calidade e seguridade para as persoas acollidas.

Os aspectos antes mencionados levan a necesidade de propoñer o presente convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo como entidade con capacidade e garantía técnica suficiente para desenvolver o *“proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas”*.

Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal da entidade formado e especializado neste eido. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada pola/s traballadora/s ao seu cargo adscrita/s a este programa e o persoal de Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Mulleres Progresistas de Vigo queda fóra do ámbito de aplicación do R.D Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público, ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d).

Este é un convenio de colaboración dos que , con carácter xeral, poden celebrar as Administracións Públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados.

A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

O orzamento total do proxecto para un ano de duración ascende a 20.000,00 €, segundo se desprende do desglose de gastos que achega a entidade no seu proxecto e que se incorpora ao expediente como Anexo I. Coa sinatura deste convenio o Concello de Vigo adquire o compromiso de financialo cunha achega de 17.950,00€ e a Asociación Mulleres Progresistas de Vigo comprométese a cofinanciar o programa coa achega de 2.050,00€, ademais do compromiso de facilitar a incorporación a diferentes programas que leva a cabo a entidade baixo a súa iniciativa ás usuarias do programa e a súa prole, sen custe algún para o Concello de Vigo, nin para as beneficiarias.

Grazas á sinatura deste convenio coa “Asociación Mulleres Progresistas”, o Concello de Vigo asumirá uns custes económicos inferiores para a execución deste proxecto; pois no caso de levalo adiante directamente desde o Concello, sen a colaboración desta entidade, o importe do gasto sería considerablemente maior. Sirva como exemplo que os gastos dunha praza fixa de técnica de grao medio, grupo A2, supón un gasto para o Concello de 47.924,89 €/ano.

Grupo A2. Retribucións básicas: 13.171,20 €/ano
Complemento destino: 8.846,97 €/ano

Complemento específico: 15.324,37 €/ano

Seguridade Social: 10.582,35 €/ano

Total ano: 47.924,89 €/ano

Só valorando o gasto de persoal (sen ter en conta outros gastos como os de telefonía móbil, transporte, electricidade, etc) e aplicando unha dedicación de media xornada a este proxecto, o gasto estimado para as arcas municipais suporía 23.962,45 €/ano, e polo tanto superior ao importe de 17.950 €/ano que estipula o proxecto de convenio que se propón aprobar.

O Concello de Vigo financiará por tanto o importe de 17.950,00 € para a execución do proxecto obxecto deste convenio, que se fará efectivo distribuído do seguinte xeito: 9.000,00€ con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 8.950,00€ con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio 2018.

Polo exposto, e previos os preceptivos informes do servizo xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo” e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero”.

2º. Autorizar o gasto de 17.950,00 € para a execución do proxecto obxecto deste convenio, que se fará efectivo distribuído do seguinte xeito: 9.000,00€ con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento vixente da concellería de Igualdade e 8.950,00€ con cargo á partida “*plan municipal de igualdade*” 2311 2279906 do orzamento futuro do vindeiro exercicio económico da concellería de Igualdade, subordinado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do exercicio 2018.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN MULLERES PROGRESISTAS DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN E APOIO FAMILIAR COAS USUARIAS DA REDE MUNICIPAL DE VIVENDAS DE PROTECCION PARA MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO”

En Vigo, na casa do Concello, o día de de dous mil dezasete,

REUNIDAS:

Dunha parte, Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de representante do Excmo. Concello de Vigo,

Doutra Dª Fernanda García Collazo DNI núm. 36101091, como presidenta da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con CIF G36657336 e enderezo social na r/Policarpo Sanz, 10-2ºB, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos.

Tendo, daquela, as comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a violencia contra as mulleres que aínda pervive na nosa sociedade, constitúe a manifestación mais extrema da desigualdade entre os xéneros. Por iso, é necesario por parte dos poderes públicos e das Administracións unha intervención firme e contundente para erradicala.

Consciente desta necesidade, o Concello de Vigo veu a desenvolver unha liña de actuación, xa consolidada nos últimos anos, na que é prioritaria a abordaxe do fenómeno da violencia desde diversos dispositivos e programas municipais.

SEGUNDO.- Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidisciplinariade profesional.

TERCEIRO.- Que a Concellería de Igualdade conta con recursos específicos para a atención de mulleres vítimas de violencia de xénero entre os que destaca o Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller (CMIDM) e tres vivendas de protección municipais. Estes dous servizos complementáanse e coordínanse co Centro de emerxencia municipal que xestiona o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar conveniado co Concello de Vigo.

As tres vivendas municipais de protección están emprazadas en distintas zonas da cidade e son centros de servizos sociais autorizados pola Xunta de Galicia, que a Concellería de igualdade destina á finalidade de acoller temporalmente a mulleres maltratadas e persoas delas dependentes que carezan de suficientes recursos económicos e persoais para afrontar a ruptura de vínculos co agresor. A estadía é temporal e, durante ese período, se ofrece ás mulleres a axuda e o apoio dunha educadora familiar que contribúe a que as mulleres beneficiarias da rede consigan as ferramentas e os recursos necesarios para levar adiante unha vida independente e autónoma e un afastamento do contexto de violencia.

No expediente non se fai ningunha referencia ao enderezo das vivendas que integran a rede municipal por razóns obvias de seguridade e protección das mulleres acollidas e das súas fillas e fillos. Non obstante, para a súa identificación municipal cómpre indicar que os números de identificación que reflicten cada unha das autorizacións de inicio de actividade como centros de servizos sociais son as seguintes: E-638-C-6; E-638-C-7 e E-638-C-8.

CUARTO.- Este programa desenvolverase a través da Asociación Mulleres Progresistas de Vigo, con persoal formado e especializado contratado pola devandita entidade. Mulleres Progresistas de Vigo facilitará puntualmente as instrucións e supervisión da labor realizada pola/s traballadora/s ao seu cargo adscrita/s a este programa. O persoal contratado pola asociación Mulleres Progresistas terá dependencia única e exclusiva con esa entidade.

QUINTO.- Que como se desprende dos estatutos e da memoria de actividades presentada pola “Asociación Mulleres Progresistas de Vigo” que se incorpora ao convenio como Anexo I, esta é e unha entidade que cumpre os fins e os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres.

SEXTO.- No obxecto do convenio concorren singulares circunstancias de interese público, social e humanitario e por tal motivo ambas partes coinciden na necesidade de establecer unha cooperación que tenda a aunar os esforzos e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento deste proxecto.

SÉTIMO.- O convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e a asociación Mulleres Progresistas de Vigo queda fóra do ámbito do R.D Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público, por quedar excluído no seu artigo 4.1.

OITAVO.- A Asociación Mulleres Progresistas de Vigo áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello, segundo resulta das certificacións que obran no expediente.

En atención a estas consideracións, as organizacións abaixo asinantes, desexando estreitar lazos, unir esforzos e actuar para ofrecer unha atención integral as mulleres usuarias da rede municipal de vivendas de protección, acordan outorgar o presente convenio de colaboración conforme os seguintes

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular o proxecto de intervención e apoio familiar coas usuarias da rede municipal de vivendas de protección para mulleres maltratadas, segundo o estipulado no anexo I.

SEGUNDO.- OBRIGAS DA ENTIDADE BENEFICIARIA

A asociación Mulleres Progresistas de Vigo desenvolverá o proxecto de intervención e apoio familiar de acordo co indicado no Anexo I, correspondéndolle, entre outras, as seguintes atribucións e cometidos:

- a) Deseño e implementación dos itinerarios específicos de integración sociolaboral de cada unha das usuarias das vivendas, e o seu seguimento, en coordinación co equipo técnico do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.
- b) Visitas periódicas ás usuarias e persoas delas dependentes durante o período que residan nas vivendas de protección co obxecto de realizar a supervisión de cada un dos proxectos: acompañamento na adquisición dos produtos de limpeza, hixiene e alimentación e noutras xestións cando sexa necesario.
- c) Actualización do libro de rexistro de cada vivenda e elaboración de informes para o adecuado seguimento da evolución das usuarias.

d) *Informar e explicar ás usuarias e persoas delas dependentes as normas de uso e cesión das vivendas municipais de protección e proporcionarlles pautas para favorecer a adquisición de habilidades sociais por parte das unidades de convivencia.*

e) *Traballar en coordinación co Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller.*

f) *Inventariar o mobiliario e o equipamento das vivendas en cada alta e baixa que se produza.*

g) *Informar aos corpos e forzas de seguridade e ao Centro Municipal de información dos Dereitos da Muller de calquera situación de risco ou perigo detectado para as usuarias da rede de vivendas.*

h) *O persoal contratado pola Asociación de Mulleres Progresistas destinado a desenvolver este proxecto velará polo bo uso das vivendas, mobiliario e demais equipamento dos inmobles. Informará puntualmente á concellería de igualdade das baixas que se poidan producir.*

f) Para xustificar o gasto do proxecto non subvencionado a entidade beneficiaria terá que presentar copias de facturas polo gasto do proxecto non subvencionado que poderá substituír pola presentación dunha memoria económica xustificativa de gastos e ingresos do importe total do orzamento do proxecto presentado (anexo V-1), dito balance poderase substituír por unha certificación na que se acredite que o programa obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

g) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola responsable da vogalía da muller da entidade, e na que figurará, cando menos, a seguinte información:

- Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- Breve resumo do proxecto realizado
- Datas e lugar de realización.
- Datos sobre as participantes: número, perfil, etc.
- Descrición detallada e ordenada das actividades que se levaron a cabo e dos gastos imputables a cada acción.
- Recursos humanos
- Valoración do nivel de cumprimento dos obxectivos perseguidos
- Materiais de difusión empregados
- Nos cursos e xornadas de formación, engadirase ao anterior, o programa formativo, nº de horas e identificación das mulleres participantes e do/a monitor/a cos seu nome, apelidos e número de teléfono.
- Dous exemplares do material de información, carteis, folletos, circulares, fotografías, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

h) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello, en relación coa xustificación da subvención.

4.- Información complementaria:

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando nela o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Concello de Vigo, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa ao exercicio 2017, e non terá por que constar constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Deberase ter en conta o establecido na base Segunda desta convocatoria respecto dos gastos que teñen a condición de subvencionables e non subvencionables.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

10. Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
11. Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
12. Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art.31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do

dereito á cobranza, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo será a responsable do seu tratamento.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 15/2014 de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2017, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2017.

O obxecto desta convocatoria responde á finalidade de promover a concesión de subvencións entre as entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades ou programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero. A estas finalidades refírense os artigos 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2 "k" e "o" da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e á Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

PRIMERA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto destas subvención é contribuír ao financiamento dos gastos ocasionados polo desenvolvemento de programas e/ou actividades de promoción das mulleres que leven a cabo as entidades sen ánimo de lucro e que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 27 de novembro de 2017 e que atendan a algunha/s das seguintes finalidades:

1.- Atender as demandas e necesidades das mulleres establecidas como prioridade no "4º Plan integral de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes" do Concello de Vigo. Tendo en conta os obxectivos establecidos en cada unha das súas cinco áreas de actuación: Educación en Igualdade, Conciliación e Corresponsabilidade; Participación Económica, Violencia de Xénero e Atención á Diversidade. (pódese consultar o documento do IV plan na web: www.igualdadevigo.org)

2.- Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopan subrepresentadas. Promovendo por exemplo: accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina, acceso e permanencia de mulleres en postos de responsabilidade ou establecemento de medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3.- Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

4.- Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5.- Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas. Desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.- Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo.

7.- Promover e visibilizar as achegas e o papel que desenvolven as mulleres nos distintos sectores relacionados coa pesca (extracción, acuicultura, venda, investigación, etc) e/ou nos oficios derivados do mar, como redeiras, conserveiras, armadoras, mariscadoras, etc.

8.- Organizar actividades dirixidas a facilitar a adquisición de competencias e habilidades básicas para unha maior autonomía das mulleres: de carácter formativo, ou de carácter cultural, artístico ou de ocio. Estas actividades para ser subvencionables deben complementarse con actividades de sensibilización, información ou formación en materia de igualdade.

9- Concienciar a homes e mulleres a través da impartición de módulos formativos sobre xénero e Igualdade de Oportunidades.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel corresponden á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

As entidades que presenten a esta convocatoria proxectos para a realización de cursos, xornadas ou similares, terán en conta que serán gastos subvencionables os soldos ou honorarios do persoal docente e os correspondentes gastos de seguros sociais.

Asemade, poderanse imputar gastos de actividade de coordinación, que deberá ser realizada por persoa física distinta da encargada da impartición do proxecto formativo, sempre e cando se xustifique a súa necesidade. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

Os custos indirectos (gastos fixos de estrutura da entidade) formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos e correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os relativos a gastos de desprazamento fora do termo municipal, os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros, adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.

Tampouco serán gastos subvencionables os relacionados coa adquisición de bebidas alcohólicas de calquera tipo nin os relativos aos gastos en atencións protocolarias (servizos de *catering*, recepcións, espectáculos...), agás que a concellería de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que ese gasto é necesario para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade.

TERCERA.- CUANTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 64.000,00 euros (sesenta e catro mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio 2017: 2311 4890000 "*Promoción da igualdade e do deporte feminino*" do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA.- REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS

1. Poderán solicitar e obter estas axudas as entidades xurídicas sen ánimo de lucro que reúnan os seguintes requisitos :

- a) Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
- b) Que se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude.
- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.
- e) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Facenda Pública estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
- f) Que cumpran cos demais requisitos previstos no artigo 9 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei.

2. Quedan excluídos expresamente desta convocatoria os seguintes proxectos:

- a) Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- b) Aqueles que a xuízo da Comisión de Valoración teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.
- c) Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- d) Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- e) Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.
- f) Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- g) Aqueles que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.
- h) Aqueles que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.
- i) Aqueles que teñan previsto a súa realización fora do termo municipal de Vigo.

j) Aqueles que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1) da base Sétima.

3.- As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

QUINTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, unha técnica de igualdade e a xefa do servizo de Igualdade que ademais actuará como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, e a súa resolución notificaráselles ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se lle concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos como data límite o 27 de novembro de 2017.

DÉCIMA.- PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederáse ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe do orzamento do proxecto presentado pola entidade beneficiaria na súa solicitude de subvención. A axuda será entón minorada na mesma proporción.
- Pola obtención de maior ingresos ou financiamento do previsto no proxecto.
- Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

EXTRACTO DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2017.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/dbnstrans/index>):”

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN

Promover a concesión de subvencións entre as entidades sen ánimo de lucro que realicen actividades ou programas encamiñados ao fomento e á consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero e que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 27 de novembro de 2017.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel corresponden á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen ao programa subvencionado ata un máximo do 10% dos gastos directos.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 64.000,00 euros (sesenta e catro mil euros) con cargo á partida orzamentaria para o exercicio 2017: 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

CUARTA.- BENEFICIARIAS

Entidades xurídicas sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo, se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude e cumpran os demais requisitos que establecen as bases e convocatoria.

QUINTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

SEXTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SÉTIMA.- BASES REGULADORAS

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS

As beneficiarias das subvencións deberán xustificar como data límite o 27 de novembro de 2017.

10(370).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE “LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1316/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17/04/17, dáse conta do informe-proposta do 30/03/17, asinado polo xefe de Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de agosto de 2012, entre outros asuntos aprobou o expediente de CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO EDIFICIO CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1316/440, aprobándose o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 30 de xullo de 2.012, así como o prego de condicións administrativas particulares que rexerá a licitación redactado pola Técnica de Administración Xeral da Área de Contratación en data 30 de xullo de 2.012.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de maio de 2013, entre outros asuntos acordou a adxudicación do PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DA CASA DO CONCELLO E DEMAIS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 1316/440, a mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por un prezo total de 6.700.078,70 €/catro anos (IVE incluído), sendo a cota correspondente o IVE de 1.022.045,90 €/catro anos.

Con data 14 de xuño de 2013, o Concello de Vigo asina o contrato coa mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U, establecendose como data de inicio para a prestación dos servizos de limpeza da casa do concello e demais dependencias municipais o 16 de xuño de 2013, cunha duración de catro anos.

Con data 13 de febreiro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou a revisión ordinaria do contrato dacordo co seguinte:

“1.- Aprobar a 1ª revisión ordinaria do prezo do contrato de “Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias” por un importe anual de 15.756,54 € /ano (sen IVE) o que supón 19.065,41 € / ano (con IVE).

2.- Aprobar o prezo total anual do contrato de “Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias” despois da 1ª revisión ordinaria por un importe

total anual de 1.435.264,74 € /ano (sen IVE) que supón 1.736.670,34€ /ano (con IVE).

3.- Aprobar o importe dos atrasos derivados da 1ª revisión ordinaria do contrato por un importe de 8.534,76 € (sen IVE) o que supón 10.327,06 € (con IVE).

Con data 4 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local acordou a 2ª revisión ordinaria de prezos do contrato dacordo co seguinte:

1. Aprobar a 2ª revisión ordinaria do prezo do contrato de "Servizo de Limpeza da Casa Consistorial e outras dependencias", correspondente o 85 % da variación do IPC do periodo xaneiro 2013-xuño 2015 cun valor do 1,19, o cal correspondese cunha revisión o alza de 16.892,15 €/ano sen IVE sobre o prezo de adjudicación inicial, o cal lle corresponde polo IVE (21%) un importe de 3.547,35 €, o que fai un total IVE engadido de 20.439,50 €/ano, a favor da mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU (CIF A36621464), con cargo a aplicación orzamentaria 9200.227.00.00 Limpeza da casa Consistorial.

2. Aprobar o prezo total anual do contrato de "Servizo de Limpeza da Casa Consistorial de outras dependencias" a favor da mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU (CIF A36621464), despois da 2ª revisión ordinaria por un importe de 1.436.400,35 €/ano sen IVE, que co importe de 301.644,07 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de 1.738.044,42 €. IVE incluído. Dito importe será con cargo a aplicación orzamentaria 9200.227.00.00 Limpeza da casa Consistorial e coa seguinte ditribución anual:

ano 2015: 941.440,73 €

ano 2016: 796.603,69 €

3. Aprobar o importe a facturar correspondente os atrasos derivados da facturación xa emitida pola mercantil LIMPIEZAS DEL NOROESTE SAU (CIF A36621464) dende o 16 de xuño de 2015 ata o 31 de outubro de 2015, e a súa correspondente actualización a 2ª revisión por un importe de 425,84 € (sen IVE) que co importe de 89,43 €, correspondente o IVE (21%) fan un total ano de 515,27 €. IVE engadido.

Con data 11 de abril de 2016, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar a cesión do contrato do servizo de limpeza da casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo por procedemento aberto, adjudicado a LIMPIEZAS DEL NOROESTE, S.A.U., por resolución da Xunta de Goberno Local de 24 de maio de 2013, á favor da mercantil MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U.

2. MANTELNOR LIMPIEZAS, S.L.U., deberá prestar garantía definitiva por importe de 283.901,64 euros, por calquera das formas previstas no artigo 96 do TRLCSP. A citada empresa presta garantía ca operación número 201600042148 de data 19 de abril de 2016.

O apartado 4 das FEC o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do contrato, establece que o prazo de execución é de 4 anos, a computar dende o 16 de xuño de 2013, con dúas posibles prórrogas dun ano cada unha.

A empresa adjudicataria do contrato de limpeza "Mantelnor Limpezas, S.L.U.", solicita en data 13 de marzo de 2017, a través do rexistro xeral do Concello a prórroga do contrato.

O técnico que suscribe considera que a prestación do servizo vense realizando de maneira

satisfactoria, polo cal considera que non existe inconvinte en concederlle a prórroga á empresa adxudicataria do contrato dos servizos de "Limpeza da Casa do Concello e demais dependencias do Concello de Vigo", durante o período comprendido entre o 16 de xuño de 2017 e o 15 de xuño de 2018.

PROPOSTA:

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención de Fondos Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Autorizar a prórroga do contrato para a "Limpeza da Casa do Concello e demais dependencias municipais do Concello de Vigo" (Expte. 1.316/440), polo período comprendido entre o 16 de xuño de 2017 e o 15 de xuño de 2018, en favor da empresa Mantelnor Limpezas, S.L.U.

O importe económico da prórroga indicada, sen prexuízo das revisións de prezos que procedan, será o seguinte:

Año 2017 (período comprendido entre el 16 de xuño de 2017 e 31 de decembro de 2017: 941.440,76 Euros con cargo á partida 9200.227.00.00.

Año 2018 (período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2018 e o 15 de xuño de 2018: 796.603,66 Euros con cargo á partida 9200.227.00.00.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(371).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE "MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS LOTAS E BREA". EXPTE. 3132/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/04/17, asinado polo Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

I.- Antecedentes.

1.- A Xunta de Goberno Local de data 13 de maio de 2016 acordou aprobar o proxecto técnico-que inclúe memoria, planos e presuposto- para executa-las obras de MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO NAS RÚAS LOTAS E BREA por un importe total de 84.178,16 euros (IVE excluído), con cargo ao Plan de Investimentos recollido no acordo de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgado a favor de Aqualia-FCC.

2.- O Concelleiro de Área de Fomento en data 19 de setembro de 2015 resolve nomear a dirección facultativa da obra a D. Jorge Muñoz Rama e D. Jerónimo Centrón Castaños.

3.- En data 2 de novembro de 2016, asínase a Acta de Comprobación de Replanteo.

4.- En data 1 de febreiro de 2017 o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, D. Jerónimo Centro Castaños e o Técnico Municipal D. Jorge Muñoz Rama, directores facultativos da obra emiten informe técnico solicitando autorización para a redacción dunha modificación do proxecto de obras, coa xustificación técnica que a continuación se transcribe:

“Una vez iniciadas las obras se pudo comprobar que el estado del colector existente era sensiblemente peor del previsto inicialmente y que algunos de los criterios utilizados para el diseño de las obras no se correspondían con la realidad. Para adaptar la obra a los nuevos condicionantes consideramos conveniente realizar una serie de modificaciones en las obras previstas para adaptarlas a las necesidades existentes. A continuación se analizan las diversas circunstancias que justifican las modificaciones propuestas.

Renovación tramo no previsto .- *En el Proyecto Original se indicaba de forma expresa en la Memoria y en Planos que no se contemplaba la renovación del tramo de la rúa Lotas en la zona en que se estrecha el vial debido a que se había renovado hacía unos años y se consideraba que estaba en buenas condiciones. Al realizar la excavación de la zanja se pudo ver que el colector estaba en muy mal estado y que sería necesario renovarlo completamente. El tramo afectado tiene una longitud de 41,0 metros.*

Aumento diámetro en rúa Lotas .- *A la vista de los caudales circulantes en el tramo de colector de la rúa Lotas en los casos de fuertes precipitaciones y al brusco cambio de dirección allí existente se considera conveniente aumentar el diámetro del colector previsto en el Proyecto, 400 mm, para facilitar la evacuación de los caudales recogidos en la rúa Brea y garantizar así que no entrase en carga en la zona de menor pendiente de la rúa Lotas, afectando a las acometidas.*

Modificación del punto de conexión en Ramón Nieto .- *La conexión prevista en Ramón Nieto no puede realizarse conforme al diseño previsto en el proyecto debido a la existencia de servicios que se descubrieron una vez ejecutada la excavación, a mano, de la zanja.*

Aumento del número de acometidas .- *Algunas de las viviendas disponen de más de una acometida lo que implica un mayor número de arquetas de registro.*

Pozo reforzado en el cruce .- *En el punto de cruce de la rúa Lotas con la rúa Brea se produce un cambio de dirección muy brusco que combinado con un fuerte cambio de pendiente provoca el choque del agua contra la pared del pozo y la formación de una fuerte turbulencia por lo que se considera necesario ejecutar un pozo de hormigón armado in situ, reforzado y con una cuna en curva.*

Excavación en roca .- *Se ha comprobado que al inicio de la rúa Brea existe una zona con abundante roca, lo que no estaba previsto en el Proyecto.*

Arqueta sifónica .- *La conexión con la red existente será necesario realizarla a través de arqueta sifónica debido a la existencia de rejillas transversales.*

Relleno de pozos fuera de servicio .- *Los pozos anulados se encuentran en mal estado y existe el riesgo de que colapsen y acaben afectando al pavimento por lo que se propone rellenarlos de una mezcla de grava y hormigón.*

Rejillas transversales .- *Se considera conveniente reforzar la rejilla transversal existente con la colocación de otra similar un poco más arriba de la rúa Brea. INFORME A.T. A LA DIRECCIÓN DE OBRA Mellora rede saneamento nas rúas Lotas e Brea CONCELLO DE VIGO INGENIERIA ESINPRO , S.L.*

Hormigón en coronación de zanja .- *Debido a la dificultad de compactar el relleno de las zanjas por la falta de espacio para la maquinaria y a la fuerte pendiente se propone reforzar*

la coronación de las zanjas con 15 cm de hormigón para garantizar que no se producirán hundimientos en el pavimento.

Entibación .- No es posible utilizar la entibación debido a la dificultad para acceder la maquinaria por el reducido espacio lateral disponible. El terreno, por otra parte, es estable y la profundidad de la zanja es reducida.

Reposición del pavimento .- En el Proyecto se contemplaba la reposición del pavimento a todo lo ancho de los viales pero la existencia de encuentros transversales con cotas muy forzadas aconseja reducir los cambios en las rasantes actuales para evitar el riesgo de que el agua de escorrentía pueda pasar a las entradas de garajes y viviendas.

Corte del pavimento .- Debido a lo anterior es necesario realizar un corte longitudinal del pavimento en algunas zonas para regularizar la anchura de la franja de reposición. Aparte de lo anterior cabe señalar que en el nº 9 de la rúa Brea se han localizado una serie de filtraciones de aguas residuales por debajo de la solera que demuestran la existencia de fugas o roturas en el colector.

Aparte de lo anterior cabe señalar que en el nº 9 de la rúa Brea se han localizado una serie de filtraciones de aguas residuales por debajo de la solera que demuestran la existencia de fugas o roturas en el colector.

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- A necesidade da modificación do proxecto e a súa xustificación figuran no informe da Dirección facultativa da obra de data 1 de febreiro de 2017 transcrito no antecedente 4 deste informe.

II.- En data 21.11.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa de xestión integral da auga.

No punto III do citado Acordo da Xunta de Goberno Local aceptase o compromiso da concesionaria asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución sinaladas no mesmo.

III.- En data 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordenación do Procedemento de Contratación a seguir nas obras con cargo ao referido Plan de Inversións.

No punto III do citado acordo establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

IV.- No punto IV do citado acordo establécese que “as modificacións do proxecto, previa proposta da Dirección de Obra someteranse á aprobación da Xunta de Goberno Local e notificaranse á Entidade Concesionaria.

V.- En data 22.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o cadro de precios de unidades de obra, establecido como obrigatorio no punto II do Procedemento de Contratación a seguir no Plan de Inversións de Aqualia.

O proxecto modificado debe por tanto, igualmente que a redacción do proxecto, cingirse ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

VI.- Procedemento a seguir.- O procedemento a seguir será o mesmo que de aprobación dun proxecto técnico regulado no Acordo da Xunta de Goberno Local de data 08.03.2013, e que é o seguinte:

- Unha vez que por parte da Xunta de Goberno Local se autorice o inicio do expediente deberá procederse por parte da entidade Aqualia-FCC á redacción da modificación.*
- A dirección técnica previa conformidade do Concelleiro Delegado da Área -Fomento- someterá á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación do modificado do proxecto e ordenará á entidade concesionaria a inclusión da actuación no plan de investimento e a realización dos trámites correspondentes á súa contratación.*
- Posteriormente a entidade concesionaria AQUALIA-FCC dará conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra no que se especificarán os apartados contemplados no punto III.c.*
- No caso de que a modificación supoña un incremento dos fondos destinados á actuación incluírase o correspondente informe financeiro (punto IV do acordo)*

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

1º.- Autorizar o inicio do expediente de modificación do proxecto das obras “Mellora rede de Saneamento nas Rúas Lotas e Brea”.

2º.- O presente acordo notifíquese a “Aqualia-FCC” da forma legalmente establecida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(372).- ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO “AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS-MATAMÁ” Á ENTIDADE CONCESIONARIA AQUALIA. EXPTE. 4452/440.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/04/17, asinado polo Servizo Administrativo e Orzamentario da Área de Fomento, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- En data 15 de febreiro de 2017 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos emite informe no que se xustifica a conveniencia e idoneidade das obras de AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS – MATAMÁ.

II.- En data 13 de marzo de 2017 o Concelleiro Delegado resolveu iniciar expediente para encomendar á Entidade Concesionaria AQUALIA a redacción do correspondente proxecto técnico de SAMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS – MATAMÁ.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- En data 21.11.2011 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa de xestión integral da auga.

No punto III do citado Acordo da Xunta de Goberno Local aceptase o compromiso da concesionaria asumido no seu escrito de aceptación de prórroga do contrato para a financiación dun plan de investimentos nas accións que se indican e según as contías e prazos de execución sinaladas no mesmo.

II.- En data 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordenación do Procedemento de Contratación a seguir nas obras con cargo ao referido Plan de Investimentos.

No punto III do citado acordo establécese que dende a Área de Fomento proponse á Xunta de Goberno Local encomendar á entidade concesionaria Aqualia a redacción do correspondente proxecto técnico, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.,

III.- En data 22.03.2013 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o cadro de prezos de unidades de obra, establecido como obrigatorio no punto II do Procedemento de Contratación a seguir no Plan de Investimentos de Aqualia.

O proxecto encomendado debe, por tanto, atinguirse ao citado cadro de prezos de unidades de obra aprobado pola Xunta de Goberno Local. No caso de unidades que non figuren no mesmo aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado acordo.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS – MATAMÁ.

2º.- Designar ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños como director do proxecto de obras de AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA ABADE JUAN DE BASTOS – MATAMÁ.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(373).- PROPOSTA DE AMPLIACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO PÚBLICO REGULAR DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS DE USO XERAL EN VIGO POLA POSTA EN FUNCIONAMENTO DA NOVA LIÑA H3 AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO. EXPTE. 1383/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/04/17, o informe de fiscalización do 18/04/17, dáse conta do informe-proposta de data 29/03/17, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

Na data 22 de febreiro de 2017 a Concelleira delegada de transportes ditou a seguinte orde de servizo:

“Dar inicio as actuacións que sexan necesarias para a posta en funcionamento da nova liña H3 ao Hospital Álvaro Cunqueiro conforme as especificacións do documento presentado e unido ao expediente”

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de data 30 de decembro de 2016, adoptou o acordo de :

PRIMEIRO :Modificar o contrato do servizo publico de viaxeiros da cidade de Vigo incluíndo no mesmo o servizo de transporte ao hospital Alvaro Cunqueiro coas seguintes liñas:Liña H Navia Bouzas Fragoso; Lanzadeira 1: LIÑA HOSPITAL 1: Lanzadeira 2: LIÑA HOSPITAL 2 ; Ampliación da actual liña L12B ata ó Hospital: Ampliación da actual liña L6 ata ó Hospital;Ampliación da liña 18 en seis expedicións cun total de 289.528 quilómetros ao ano.

Os servizos, horarios e numero de expedicións poden ser modificados pola Alcaldía o Concelleiro en quen delegue, de conformidade coas necesidades puntuais e urxentes derivadas da posta en servizo do Hospital na súa totalidade

SEGUNDO:Fixar o prezo do contrato en 1.302.876 € anuais, prezo do que se deduce a retribución do contratista procedente da recadación do prezo abonado polos usuarios estimados, polo que o custe imputable anualmente e aproximadamente de 600.000 €; e aprobar o gasto e a dispoñibilidade de crédito que se derive do contido da modificación proposta con cargo a partida 44114700001 por un importe aproximado de 600.000 € anuais ,

TERCEIRO: Fixar como prezo coche/quilometro para este servizo o prezo correspondente o custe unitario aprobado en cada ano e con o limite de 4,50 € (IVE incluído)

Requirir a empresa concesionaria para que remita liquidación mensual do servizo prestado, de conformidade coa seguinte formula :

nº de quilometro x prezo fixado por quilometro -nº de viaxeiros x prezo billete

Se a cantidade ingresada polos viaxeiros e menor que o custe por quilómetros

a empresa presentara factura pola diferenza ; se a cantidade ingresada polos viaxeiros e maior que o custe por quilómetros a diferenza será ingresada pola empresa concesionaria no Concello”

II.-Ante a demanda dos veciños de distintas zonas da cidade solicitando un servizo directo ao hospital Alvaro Cunqueiro foi solicitada proposta de servizo a empresa concesionaria do transporte publico da cidade Viguesa de transportes S.L.

A proposta formulada foi estudada polos servizo municipais realizándose axustes dos que resulta a seguinte proposta de servizo de data 18 de xaneiro de 2017.

Denominación da liña: H3

Descrición do servizo:

Percorrido:

Ida: rúa Garcia Barbón “Calzada” – rúa S. Badia – rúa Buenos Aires – rúa T. Vigo – rúa Aragón – rúa Jenaro de la Fuente – rúa Ramón Nieto – rúa Manuel Alvarez – estrada Vella de Madrid – Seminario – rúa Lameiro – estrada Marco – rúa Saa – rúa Seixo – Ctra Venda – Hospital A. Cunqueiro.

Volta: Dende o Hospital realizárase polo mesmo percorrido

Horario días laborais :

Saídas: rúa Garcia Barbón “Calzada”: 07:45 e 11:00.

Saídas: Hospital Álvaro Cunqueiro: 10:15 e 13:15.

Frecuencias : Viaxes : Ida 2 Volta 2

Quilómetros viaxe: Ida 16,31 Volta 15,70

Total quilómetros día : liña 64,02; posicionamento 13,67 : total 77,69

Recursos utilizados: Un vehículo e un condutor.

Previsión de viaxeiros: a previsión de viaxeiros de conformidade cos datos de que se dispón no servizo ao hospital pode calcularse inicialmente como mínimo en 99 viaxeiros/día na nova liña e prevendo o seu incremento progresivo dado que o recorrido proposto discorre por unha zoa con gran densidade de poboación.

Custo : O custo total anual da liña prevese o redor de 82.923 € e o custo para o orzamento municipal o redor de 50,401 € considerando a previsión de viaxeiros, coas actualizacións que procedan do prezo coche/quilometro e prezo do billete de conformidade coa formula de revisión recollida no prego de condicións que rexe a concesión (os prezos utilizados para o calculo do custo son os aprobados no expediente de revisión de tarifas para o ano 2017, na Xunta de goberno Local de data 23 de decembro de 2016)

Ao obxecto de optimizar a nova liña, pola Concellería propónse que a expedición das 7,45 inicie o servizo dende a parada da carretera de Camposancos nº 19 e a expedición das 13,15 que preste o servizo até a parada da carretera de Camposancos nº 28.

RÉXIME LEGAL APLICABLE

Por tratarse dun servizo regular de viaxeiros no termino municipal de Vigo, a prestación do mesmo corresponde a empresa Víguesa de Transportes S.L. por ser a concesionaria do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo de conformidade co Acordo Plenario de adjudicación de data 16 de setembro de 1994, procedendo a modificación do contrato para a inclusión do novo servizo.

De conformidade co disposto no artigo 26.2 do prego de condicións que rexe a concesión aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 26 de maio de 1994 .cando se propoña polo Concello unha modificación na prestación do servizo o concesionario aportara informe dos quilómetros necesarios , previsión de viaxeiros , recadación e custe do mesmo , procedendo o estudo da proposta formulada pola empresa concesionaria por parte dos técnicos municipais e a aprobación da modificación do contrato polo órgano competente en materia de contratación .

De conformidade co disposto no artigo 26. 4, C) do mencionado prego cando as modificacións propostas supoñan un incremento de quilómetros igual o superior o un por cento e menor dun 5 por cento o supoñan contratación de persoal o adquisición de novos vehículos o prazo para a posta en funcionamento será de 2 meses.

